

ALEN

BEYOND GENDERS.

FEMINIST ARTISTIC

PRACTICES IN GALICIA

DOS

MÁS ALLÁ DE LOS GÉNEROS.

PRÁCTICAS ARTÍSTICAS

FEMINISTAS EN GALICIA

XENEROS

**PRÁCTICAS ARTÍSTICAS
FEMINISTAS EN GALICIA**



**ALÉN DOS XÉNEROS.
PRÁCTICAS ARTÍSTICAS
FEMINISTAS EN GALICIA**

**BEYOND GENDERS.
FEMINIST ARTISTIC
PRACTICES IN GALICIA**

**MÁS ALLÁ DE LOS GÉNEROS.
PRÁCTICAS ARTÍSTICAS
FEMINISTAS EN GALICIA**

Coprodución

MARCO

Museo de Arte Contemporánea de Vigo
27 de xaneiro – 11 de xuño de 2017

AUDITORIO DE GALICIA

Concello de Santiago de Compostela
6 de xullo – 12 de novembro de 2017

FUNDACIÓN MARCO

Concello de Vigo
Xunta de Galicia
Ministerio de Cultura e Deporte

PADROADO

Presidente de honra
Alberto Núñez Feijóo

Presidente
Abel Caballero Álvarez

Vicepresidente
Cayetano Rodríguez Escudero

Vogais
**Carlota Álvarez Basso, Ana Laura Iglesias
Fernández, Anxo Manuel Lorenzo Suárez,
Ángeles Marra Domínguez, M.^a del Carmen
Martínez Ínsua, Begoña Torres González**

Secretario
José Riesgo Boluda

Director
(vacante)

Propietario
Concello de Vigo

MARCO,
Museo de Arte Contemporánea
de Vigo

Director
(vacante)

Xerente
Martiño Nogueira Canle

Responsable de exposicións
(vacante)

Coordinadora de exposicións
Pilar Souto Soto

Responsable de montaxe
Paul Edward Guy

Responsable de comunicación e didáctica
Marta Viana Tomé

Secretaria de dirección
Patricia Verdial Garay

Administración
Alberto Abal García

Responsable de documentación
Iria Fernández Mouriz

Martiño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela

Branca Novoneyra
Concelleira de Acción Cultural

AUDITORIO DE GALICIA

Director
Xaquín López González

Subdirectora
Silvia Modia Ferreiro

Administradora
Ana Parga

Responsable de exposicións
e actividade cultural
Chus Busto

Responsable de comunicación
Miriam Louzao

Gabinete administrativo
David Aréan
Carlos Millán
Ángeles Otero
Ángela Pereira

Persoal asistente
Santiago Cabrera, Rogelio Fernández,
Antonio Liñares, José Mayo, Juan Carlos
Marcote, Javier Rodríguez, José Rodríguez
e Antonio Vieites

CONSELLO REITOR

Presidente
Martiño Noriega Sánchez

Vogais
Maite Cancelo Márquez
M.^a José Castro Carballal
Gonzalo Muíños Sánchez
Branca Novoneyra
Goretti Sanmartín Rei

Secretario
José Ramón Alonso Fernández

Interventor
Juan Ramón González Carnero

Director
Xaquín López González

PUBLICACIÓN

Comisaria / documentalista
exposición e publicación
Anxela Caramés

Asistente de comisariado
Ana Etcheverría Mazaira

Coordinación publicación
Auditorio de Galicia
Chus Busto

Coordinación performances
Neves Seara

Textos
Pablo Andrade e Ramón Santos
Anxela Caramés
Uqui Permui Martínez
María Xosé Queizán
Nanina Santos Castroviejo

Deseño gráfico
Uqui Permui

Fotografías (obras en sala e performances)
Patricia Cupeiro López, Ana Gesto, Susi Gesto,
Paul Guy, Nacho Mascuñán, Uqui Permui, Neves Seara.
Imaxes fotográficas de Enrique Touriño por cortesía
do MARCO

Revisión / tradución galego e castelán
Ramiro Combo

Tradución inglés
Iria Castiñeiras Pérez, Paul Guy, Judith Longueira Deus,
Inés López-Sors Vázquez e Ibán Pérez Piñeiro

Impresión
Imprenta Provincial da Deputación da Coruña

ISBN: 978-84-88484-64-2

Depósito legal: C 2212-2018

© dos textos os autores

© das imaxes os autores

© das traducións os tradutores

Agradecementos

O Auditorio de Galicia e a comisaria quere mostrar o seu recoñecemento ao labor de Iñaki Martínez Antelo e de Agar Ledo, que exerceron de director e responsable de exposicións, respectivamente, durante a exposición celebrada no MARCO.

O Auditorio de Galicia, o MARCO de Vigo e a comisaria queren expresar o seu agradecemento ás e aos artistas, así como a todas e todos os prestadores públicos e privados que cos seus préstamos fixeron posible esta exposición.

ARTISTAS

Julio Manuel Álvarez Bautista (Vigo, 1992)

Xoán Anleo (Marín, 1960)

Lara Baceo (Mos, 1981)

Katrina Biurrun (Barcelona, 1966)

Vicente Blanco (Cee, 1974)

Claudia Brenlla (Brasil, 1964)

Mónica Cabo (Oviedo, 1978)

Mar Caldas (Vigo, 1964)

David Catá (Viveiro, 1988)

Salvador Cidrás (Vigo, 1968)

Contenedor de Feminismos

Andrea Costas (Vigo, 1978)

Carolina Cruz Guimarey (A Coruña, 1981)

Luz Darriba (Montevideo, Uruguai, 1954)

Sabela Dopazo Vieites (Santiago de Compostela, 1975)

EDU [Eduardo Fernández] (A Coruña, 1987)

El Ama de Casa Pervertida

[Cristian Gradín (Soutomaior, 1980)
e Pablo Huertas (Pontevedra, 1984)]

Félix Fernández (Viveiro, 1977)

Basilisa Fiestras (Forcarei, 1986)

Xisela Franco (Vigo, 1978)

Celeste Garrido (Marín, 1972)

Ana Gesto (Santiago de Compostela, 1978)

Ana Gil (Ourense, 1973)

Roberto González Fernández (Monforte de Lemos, 1947)

Cristian Gradín (Soutomaior, 1980)

Yolanda Herranz (Baracaldo, 1957)

Colectivo LAG

[Lara Buyo (A Coruña, 1993) e Ana Corujo (Viveiro, 1993)]

Rebeca Lar (Vigo, 1993)

Carmen Llonín (Lugo, 1964)

Gema López (Lugo, 1987)

LSD

María Marticorena (A Coruña, 1977)

Chelo Matesanz (Reinosa, 1964)

Álex Mene (Vigo, 1968)

Moona Muniz Elazhari (Vigo, 1975)

Carme Nogueira (Vigo, 1970)

O.R.G.I.A

Mery Pais (Santiago de Compostela, 1990)

Marta Paz (A Coruña, 1976)

Uqui Permui (Barallobre, 1964)

Laura Piñeiro (Pontedeume, 1984)

POST-OP

[Majo Pulido (Ourense, 1974) e Elena Urko (Irún, 1975)]

Mar Ramón (Valencia, 1993)

Reme Remedios (Romiña, 1972)

Rita Rodríguez (A Coruña, 1981)

María Ruido (Pidre-Xinzo de Limia, 1967)

Sara Sapetti (Valladolid, 1976)

Neves Seara (Ourense, 1983)

Sonia Tourón (Pontevedra, 1979)

Peque Varela (Ferrol, 1977)


Xoán Anleo

Realidad reversible, 2016

Tecido cosido

Cortesía do artista





**realidad
reversible.**



**ALEN
DOS
XENEROS**



**PRÁCTICAS ARTÍSTICAS
FEMINISTAS EN GALICIA**

Alén dos xéneros.
Prácticas artísticas
feministas en Galicia

Anxela Caramés

Sería unha mágoa terrible que as mulleres escribisen como os homes ou vivisen como os homes, ou se parecesen fisicamente aos homes, porque dous sexos son xa poucos, dada a vasteza e variedade no mundo. Como nos arraxariamos, pois, cun só?

Virginia Woolf

En *Alén dos xéneros* expónse unha revisión das prácticas artísticas feministas desenvolvidas no contexto galego desde os anos noventa ata a actualidade. Tratouse de elaborar unha posible –pero non única– xenealoxía, aínda que si primeira, a través dunha escolma de cincuenta artistas que teñen vinculación, xa sexa por nacemento, formación ou residencia, con Galicia. A exposición mostra subxectividade alternativas á mirada patriarcal, dando voz a narrativas identitarias que superan os estreitos límites da clasificación binaria dos xéneros, que distingue unicamente entre masculino e feminino. Ademais, coa intención de desbotar o tópico de que a arte feminista soamente é producida por mulleres, na exposición incorporáronse autores que traballan desde unha perspectiva de xénero e/ou *queer*. Deste xeito, o proxecto expositivo indaga na pluralidade de aspectos da arte feminista, ocupándose de problemáticas que atinxen ás mulleres, pero reflectindo tamén a diversidade das identidades sexuais e mostrando outros corpos diferentes aos normativos.


Alén dos xéneros reúne obras máis coñecidas e referenciais, xunto con outras inéditas ou mesmo marxinais, agrupándoas por cuestións temáticas e conceptuais, á marxe de criterios cronolóxicos, xa que se buscou trazer un discurso que de forma fluída amosase as diferentes achegas das correntes feministas á arte contemporánea, así como as diversas tendencias estéticas e estratexias da arte feminista¹, desde enfoques esencialistas centrados no corpo das mulleres, pasando pola influencia postestruturalista, ata chegar á multiplicidade de corpos e de xéneros. A exposición dá visibilidade a artistas emerxentes, vinculando as súas propostas ás obras de artistas cunha traxectoria máis dilatada ou consolidada, que, nalgúns casos, mesmo foron os seus docentes na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, como, por exemplo, Xoán Anleo, Mar Caldas, Yolanda Herranz e Chelo Matesanz, de quen habería que destacar o seu influente labor formativo en cuestións de xénero e feminismo para as xeracións máis novas.

O percorrido expositivo estruturouse en tres bloques temáticos ou conceptuais que se mesturan entre si, xa que non son categorías pechadas nin excluíntes, posto que hai artistas que transitan dunha a outra, chegando mesmo a abordar os tres eixes que vertebran a exposición, como, por exemplo, a instalación realizada a partir da publicación *INDEX. 3.472/47*

¹ Phelan, Peggy, “Estudio”, en Peggy Phelan e Helena Reckitt (ed.), *Arte y feminismo*, Phaidon, Londres, 2005, pp. 19-20.

pp./1. *Títulos de exposicións colectivas de arte contemporánea* de Xoán Anleo. Este traballo inédito, que se podía ver á entrada da exposición, ofrece unha listaxe de exposicións que lle influíron ou considera relevantes, entre as cales destaca unha gran presenza da temática feminista, *queer*, e en xeral relacionada coas identidades de xénero. Xa que logo, en *Alén dos xéneros*, en primeiro lugar, reflexiónase sobre a relación entre o feminino e o feminista, abordando cuestións esenciais para as distintas correntes feministas, como o corpo das mulleres, a sexualidade, as relacións de parella, a violencia machista, a dicotomía entre o espazo privado e o público, as condicións laborais das traballadoras e a sororidade. En segundo lugar, abórdanse as identidades, os corpos e as sexualidades *queer*, é dicir, fóra das normas do binarismo de xénero, transcendendo así os roles da femineidade e a masculinidade. E, por último, revisase o concepto da masculinidade hexemónica, mostrando outras posibilidades máis alá da virilidade heteronormativa.


Á súa vez, *Alén dos xéneros* tende pontes entre as prácticas artísticas e os movementos sociais, dándolles presenza a colectivos activistas coa intención de remarcar a faceta política da arte feminista. Neste sentido, a exposición tratou de ser celebratoria, festiva e lúdica, ademais de reivindicativa, seguindo unha liña que entronca co pensamento *queer*, tal como se extrae da pancarta pintada por Tabo Ayala para a **Mani*festa*acçom* do 28 de xuño de 2010, organizada por Maribolheras Precárias en “Queerunha” (*Queer* Coruña), baixo o lema “Dá-lhe prazér ao corpo. A súa moral dá-nos igual”, e que foi usada como *photocall* nas salas expositivas do MARCO de Vigo e do Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela. Así, xunto ás obras expostas, móstrase unha selección de documentación relativa ao activismo feminista, lésbico, gai e *queer*, coa intención de contextualizar as prácticas artísticas realizadas desde unha perspectiva de xénero no ámbito galego. Achégase información de manifestacións e campañas feministas que se mobilizaron a favor da igualdade de dereitos e en defensa da liberdade sexual en Galicia desde mediados dos setenta, incorporando fotografías, folletos, pasquíns, recortes de prensa e carteis, tanto da Asociación Galega da Muller (AGM), moi activa en Santiago de Compostela durante os oitenta, como dos primeiros colectivos homosexuais xurdidos na Coruña e en Vigo a principios dos oitenta. Á súa vez, na exposición están presentes dúas relevantes revistas feministas xurdidas en Galicia, como son *Andaina* e *Festa da Palabra Silenciada*, moi vinculadas ao movemento feminista, pero á súa vez cun marcado interese polas diferentes manifestacións culturais e cunha clara vocación estética. Igualmente, incorporouse material da Marcha Mundial das Mulleres, que desde finais dos noventa se converteu nun dos movementos máis representativos e aglutinadores de diferentes tendencias feministas. Finalmente, prestouse especial atención ao material gráfico e



Xoán Anleo

INDEX. 3.472/47 pp./1.
Títulos de exposicións
colectivas de arte
contemporánea, 2017

Impresión sobre papel,
encolado sobre madeira
Instalación
Cortesía do artista



Tabo Ayala

Pancarta para *Mani*Festa*Acçom 28J* organizada
por Maribolheras Precárias:
Dá-lhe prazér ao corpo.
A súa moral dá-nos igual,
Queerunha, 2010

Óleo e esmalte de parede
sobre tea
Cortesía do artista

audiovisual xerado por colectivos *queer* que usan a linguaxe artística como ferramenta política: Maribolheras Precárias e Nomepisesofreghao desde A Coruña, Mulheres Transgredindo en Santiago de Compostela e Lerchas en Ourense, xunto aos vídeos realizados por Queer Avengers, un grupo formado recentemente en 2015 que prefire empregar a terminoloxía GODI (Xéneros e Orientacións Diversas e Intersexuais) fronte á máis institucionalizada LGTBQI (Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais, *Queer* e Intersexuais). Nunha liña similar, a artista Luz Darriba en *Eficiencia comprobada* aproxímase á gráfica feminista procedente do activismo. Nesta fotomontaxe realiza unha crítica á guerra de Iraq empregando a estética publicitaria dos produtos cosméticos femininos. Ou as bandeiras que presenta por primeira vez Xoán Anleo, nas que pode lerse: *Corpos desobedientes*. *Resistente mutante* e *Realidade reversible*. Estas pezas están inspiradas nos pendóns ou pancartas que se usan nas manifestacións e foron realizadas con teas antigas procedentes da súa familia, resignificando así os labores de costura ao incorporar contido político mediante o texto bordado.

Activismo, corpo das mulleres e espazo público

En *Alén dos xéneros* está moi presente a relación entre activismo e prácticas artísticas a través de accións de rúa e performances, un medio de expresión habitual para as reivindicacións feministas. Por iso, buscouse mesturalas para mostrar as concomitancias entre ambas as dúas propostas. Ocupar o espazo público, que lles fora vetado ás mulleres durante varios séculos, foi unha das principais estratexias de reivindicación e visibilización feministas desde finais dos sesenta. Durante os anos oitenta, o grupo de teatro feminista Galiata –vinculado á AGM– empregaba a rúa para difundir as súas mensaxes e chamar a atención sobre os temas das campañas levadas a cabo polo movemento feminista: a legalización do aborto, o dereito aos métodos anticonceptivos, a derogación da lei antidivorcio, as agresións sexuais, a defensa do lesbianismo, a sobrecarga das tarefas domésticas, a explotación laboral das mulleres, etc. Posteriormente a Marcha Mundial das Mulleres valeuse de accións concretas, que nalgunhas ocasións foron levadas a cabo por artistas colaboradoras, para visibilizar estas problemáticas. Na exposición móstranse unhas fotografías que documentan unha acción que consistiu na pegada de adhesivos nos escaparates de varias tendas de roupa, coa intención de criticar a imposición duns complicados canons de beleza que constrinxen os corpos das mulleres en determinados talles. Pola súa banda, a artista Ana Gil na performance *Homenaxe a la costilla maldita II* (*Homenaxe á costela maldita II*) –realizada na praza da Capela

do Santísimo Cristo no Porriño (Pontevedra)– tamén reflexiona acerca da condición feminina, aludindo ao título dunha exposición feminista comisariada por Margarita de Aizpuru en 2005. Fronte á submisión á que foron condenadas as mulleres segundo o relato bíblico, reivindícase a rebeldía ante a autoridade masculina que tivo lugar no acto do pecado orixinal por parte de Eva, creada “supostamente” a partir da costela de Adán.

Dentro das actividades celebradas arredor do 25 de novembro, Día Internacional pola non Violencia contra as Mulleres, enmárcase *Guante negro, guante blanco* (*Luva negra, luva branca*), unha intervención efémera levada a cabo por Luz Darriba na praza da Catedral de Lugo. Colaborando cun grupo de traballadoras sexuais, que nese momento se atopaban en vías de reinserción social, colocáronse 30.000 pares de luvas que contiñan frases de uso cotián que evidenciaban a violencia simbólica exercida socialmente cara ás mulleres. De xeito igualmente poético, Neves Seara tamén fala sobre a profunda dor causada por esta clase de violencia, empregando cinza negra na catártica performance *Ardo si ella arde* (*Ardo se ela arde*), realizada diante da Igrexa das Ánimas, en Santiago de Compostela. Foi ideada especificamente para *Alén dos xéneros*, igual que a performance *Sombra e sordina* (*Sombra e sordina*) de Ana Gesto. Nesta, a artista, vestida cunha saia cuberta por pratos metálicos e unhas xerras inchables transmutadas en sordina, percorreu solemnemente o espazo exterior ata acceder á sala expositiva do Auditorio de Galicia. Estes elementos identitarios do universo doméstico feminino son tratados, física e metaforicamente, como unha carga opresiva, evocada con dramatismo visual e sonoro.

Rita Rodríguez reflexiona sobre o corpo das mulleres no espazo público a través dunha serie de performances nas que aborda cuestións relativas ao poder e á submisión. En *Kiss Me* (*Bícame*) envolveuse en bolsas de lixo para deixar tan só ao descuberto os seus labios pintados de vermello, postos á disposición dos visitantes á Catedral de Santiago, que a atopaban sentada na porta de entrada e en actitude de pedir esmola. En *Cosida a ti* solicitaba permiso para coserse temporalmente á roupa de persoas aleatorias coas que se cruzaba pola rúa, poñéndose á súa mercé nunha actitude pasiva. Por último, en *Performance Clásica a la manera tradicional* (*Performance clásica á maneira tradicional*) tras espirse aparentemente, camiña pola rúa cun disfraz de espida. Revisa ironicamente as artistas feministas dos setenta, que adoitaban espirse para reivindicar o uso do seu propio corpo, fronte á obxectualización deste por parte doutros artistas. En relación coas contradicións que xorden da utilización do propio corpo por parte da muller performer, Peggy Phelan² alude á difusa liña que se atopa entre o poder da representación e a impotencia da invisibilidade.

² Phelan, Peggy, *Unmarked: The Politics of Performance*, Routledge, Nova York, 1993, pp. 6-7.

³ A web do proxecto funciona a xeito de arquivo das docu-accións, pero tamén de forma aberta para que se poida incorporar información: <http://contenedordefeminismos.org>

⁴ Guattari, Félix e Rolnik, Suely, *Micropolítica. Cartografía del deseo*, Traficantes de Sueños, Madrid, 2005.

⁵ Foucault, Michel, “El sujeto y el poder”, en Wallis, Brian (Ed.), *Arte después de la modernidad. Nuevos planteamientos en torno a la representación*, Akal, 2001, Madrid, pp. 424-45.

⁶ Consúltase o catálogo da exposición *Micropolíticas. Arte y cotidianidad. 2001-1968*, comisariada por Juan Vicente Aliaga, María de Corral e José Miguel G. Cortés, no EACC (Espai d’Art Contemporani de Castelló), en 2003.

A dinámica das docu-accións do *Contenedor de Feminismos*³ supón un modo de levar o debate feminista á rúa, reunindo mulleres para conversar nun acto que mestura o privado co público. Este arquivo móbil recolle e recupera historias que non se tiveron en conta ou que se queren relatar doutro xeito: as mulleres *bertsolaris* en Euskadi, invisibles e vetadas ata os anos oitenta; a celebración do primeiro Orgullo Gai en Galicia, que tivo lugar en Vigo en 1981; ou as loitas das traballadoras no sector da conserva en Arousa a finais dos oitenta. Esta investigación daría lugar ao documental *Doli Doli Doli... Coas conserveiras. Rexistro de traballo*, realizado por Uqui Permui, a partir de imaxes tomadas do vídeo VHS gravado polas propias mulleres durante o seu encerro na fábrica Odosa. De novo volvemos transitar do íntimo ao público no vídeo *Asuntos internos*, codirixido por Uqui Permui e Xoán Anleo. Narran a estrutura histórica do último século en España –a República, a ditadura franquista, o exilio, a transición e o cambio socialista– a través dos relatos privados de catro mulleres galegas, de distintas xeracións, que reflexionan sobre a súa vida persoal e laboral, os roles de xénero, o impacto do movemento feminista ou a transexualidade. De igual xeito, María Ruido reflexiona sobre a construción da memoria e as formas narrativas da historia, partindo de experiencias persoais, testemuños privados e entrevistas a grupos feministas, xunto con outros materiais filmicos e literarios, para abordar a construción social do corpo e a identidade, a división sexual do traballo ou a precarización feminina e migrante. Así, *La memoria interior (A memoria interior)* e *En tiempo real (En tempo real)* tratan de elaborar unha narratividade audiovisual propia da nova clase traballadora no capitalismo posfordista, atendendo ás cuestións micropolíticas⁴, fundamentais para comprender as transformacións globais. Neste sentido, para Foucault non se poden estudar os mecanismos da suxeición das identidades á marxe dos mecanismos de explotación e dominación. E esta “forma de poder”⁵ –que provén do Estado e/ou da Igrexa– intervén na inmediatez da vida cotiá,⁶ categorizando o individuo e marcándoo coa súa propia identidade. Precisamente, Carme Nogueira alude a estas implicacións políticas do cotián no vídeo *25 minutos 55 segundos diarios*. Neste percorrido –cámara en man– por diferentes recantos da súa casa revélanse informacións sutís acerca da forma de pensar ou posicionarse no mundo. Así, entre os obxectos mostrados atópase o libro *Corpos que importan* de Judith Butler, fundamental para comprender a performatividade de xénero.

Carme Nogueira tamén emprega o espazo público como foro. *Oh mujer, mujer (Oh muller, muller)* é unha das accións que forman parte dun proxecto máis amplo titulado *La Citoyenneté. El centro en desplazamiento (La Citoyenneté. O centro en desprazamento)*, unha serie de visitas guiadas realizadas en distintos lugares de París, escenificando temas relativos á

idea de cidadanía e os seus paradoxos. Nesta videoperformance realizada ante o edificio La Salpêtrière –un refuxio para mulleres pobres– traballa cun manifesto da profeminista Olympe de Gouges, autora da *Déclaration des Droits de la Femme et de la Citoyenne* (Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá) (1791), no cal cuestiona as escasas vantaxes que a Revolución Francesa lles brindou ás mulleres. Igualmente, Yolanda Herranz en *Caídas/Fallen Women* tamén reivindica as esquecidas pola Historia, rendendo homenaxe a todas as mulleres invisibles que tamén participan nas guerras. Esas mulleres anónimas –irmás, nais, esposas, fillas– que morren nos conflitos bélicos, malia que os monumentos conmemorativos nunca as nomean. Tres fotografías documentan esta intervención efémera na que a artista utilizou as pezas escultóricas *Destierros/Exiles XV*, uns moldes de pés de distintos tamaños, metalizados en ouro, prata e bronce. Foron situados na parte posterior da estatua que honra os caídos na batalla de Ponte Sampaio, na cal os pontevedreses venceron os franceses.

Pola súa banda, outras obras non pensadas para o espazo público tamén xorden da militancia política. Marta Paz, activista do colectivo feminista Nomepise-sofreghao, realiza unha serie de retratos de recoñecidas republicanas como María Casares, Maruja Mallo, Clara Campoamor ou Victoria Kent, entre outras. Aos cadros de *Máisquepublicanas* incorporoulles un código QR que conecta coa páxina web da biografía de cada muller representada, caracterizadas por se teren desmarcado dos roles de xénero aos que supostamente se debían ter adaptado segundo as convencións socioculturais daquel momento.

Ao legado de mulleres libertarias tamén alude Carolina Cruz Guimarey en *Levons-nous (O himno das mulleres)*, un texto que foi utilizado polo Movemento de Liberación das Mulleres durante os anos 70 en Francia. Para honrar estas loitadoras polos dereitos civís, emprega a transferencia de fotografías antigas sobre teas, tamén antigas e neste caso colocadas de maneira informal sobre bastidores de diferentes dimensións.

Marta Paz

Maruja Mallo [da serie *Máisquepublicanas*]

2012

Óleo e papel sobre lenzo
Colección privada



Críticas ao binarismo dos roles de xénero

Carolina Cruz Guimarey utiliza esta mesma técnica do *transfer* nas obras da serie *Un eco que resiste*, aínda que noutro formato. Estas pequenas pezas realizadas sobre bastidores de costura supoñen unha poética, pero contundente, chamada de atención acerca do confinamento que supón para as mulleres aceptar o rol feminino asignado, como, por exemplo, o de eternas coidadoras. Á súa vez, reivindicán a rebeldía ante ese destino predeterminado culturalmente, posto que “non se nace muller, chégase a selo”⁷. Acerca desta xenética que condiciona as mulleres, Laura Piñeiro aborda esta crenza de forma paródica en *Biología es destino (Biología é destino)*. Emprega tamén un bastidor de costura, que neste caso adquire a aparencia dunha vulva peluda. A elección do fiado e da costura como medio artístico por parte de ambas as dúas artistas é froito dunha decisión consciente que busca resignificar o potencial conceptual e político do téxtil. Deste xeito, en *Un sexo llamado débil (Un sexo chamado débil)* unha agulla de coser é convertida nun florete, desafiando a contraposición do feminino como fráxil fronte ao masculino como forte. Nesta peza, Laura Piñeiro intervén unha novela homónima –escrita por J. L. Martín Vigil– coa intención de cambiar o sentido pexorativo do título, transformando esa muller pasiva nun suxeito activo e combativo. Esta posición secundaria das mulleres establécese a través do sistema do corpo sexo/xénero⁸ mediante o cal se constrúen as identidades de xénero, partindo do corpo biolóxico como unha base sobre a que se superpoñen influencias educacionais, sociais e culturais.

A crítica ao machismo de certas convencións sociais tamén está presente na performance *No nos llames princesas, llámanos mujeres (Non nos chames princesas, chámanos mulleres)*, na cal o Colectivo LAG (Lara Buyo & Ana Corujo) cuestiona a diferente vara de medir coa que se valora o comportamento á hora de comer. Se para as mulleres se presupón pulcro e delicado, os homes adoitan dispoñer dunha maior liberdade de actuación. As artistas comezan comendo de forma protocolaria, para finalizar usando as súas propias mans, emitindo sons ou mesmo bebendo directamente da botella.

Igualmente, Mar Caldas en *O mundo patas arriba* reflexiona acerca de como a cultura patriarcal moldea a feminidade e a masculinidade de forma intencionada. Esta fotomontaxe foi publicada na sección “Inédito”, unha dobre páxina comisariada por Manuel Sendón para o diario *A Nosa Terra*. Aproveitou o formato da revista para valerse dos recursos visuais e textuais propios do discurso xornalístico –tomados da prensa rosa, neste caso– pero dándolles a volta para facer visible o absurdo dos roles de xénero. Empregando a comicidade, como estratexia feminista para desnaturalizar a división sexual,

⁷ Beauvoir, Simone de, *El segundo sexo II. La experiencia vivida*, Ed. Cátedra/Universitat de València/Instituto da Muller, Madrid, 2000, p. 13.

⁸ Gayle Rubin introduciu este concepto no seu artigo “The Traffic in Women”, publicado en 1975 e traducido ao español en 1986 baixo o título “El tráfico de mujeres: Notas sobre la ‘economía política’ del sexo”.

intercambiou os rostros de recoñecidos políticos cos das súas parellas, propiciando situacións chocantes nas que homes e mulleres devían en actitudes, comportamentos e xestos inapropiados, inusuais ou impensables segundo o binarismo de xénero. Basilisa Fiestras tamén ironiza sobre estas cuestións no autorretrato *La corbata es el otro (A gravata é o outro)*. Entendendo a indumentaria como un elemento que conforma a identidade das persoas, fotográfase vestindo unha camisa de home e co seu propio cabelo elabora unha gravata, símbolo do poder masculino.

Esta tentativa de superar a dualidade entre o feminino e o masculino obsérvase –aínda que non de maneira intencionada– nalgunhas fotografías da serie *Incorporados* de Andrea Costas. Co propósito de autorretratarse, a artista incorpora á súa imaxe fragmentos representativos dos corpos das persoas máis importantes na súa vida naquel momento. Nestes retratos afonda na súa propia identidade a partir da interrelación cos outros. Funde ambos os dous corpos, e, ao integrarse coas imaxes do seu pai e do seu noivo, o resultado final masculinízase.

Asumindo os roles de xénero como unha construción sociocultural, Rebeca Lar retrata bruxas contemporáneas en *Burn, Witch, Burn! (Arde, bruxa, arde!)*, unha galería de debuxos de mulleres que desafiaron os límites da feminidade en diferentes ámbitos públicos: a política –Margaret Thatcher, Angela Merkel e Esperanza Aguirre–, a arte e a música –Yoko Ono e Madonna–, o cinema –actrices como Marlene Dietrich, Kim Basinger e Uma Thurman–, ou a escritura e o pensamento filosófico, como Virginia Woolf e Simone de Beauvoir. Todas elas foxen dos estereotipos da “boa muller”, representando a idea da rebelde, atrevida, perversa ou mesmo muller fatal. Lara Bacelo tamén revisa a figura da muller no vídeo *Varona, parirás con dolor (Varona, parirás con dor)*, reapropiándose, nunha estratexia filmica feminista, da mirada masculina voyeurística. Traballa a partir de material audiovisual atopado en internet, seleccionando múltiples fragmentos en que os corpos das mulleres aparecen fetichizados. Logra deconstruír o discurso sexista, afastándonos do pracer visual⁹, ao xustapoñer unha voz que narra pasaxes bíblicas nas cales se define a identidade feminina como subjugada ao home. De forma directa á vez que lírica, aborda cuestións como os malos tratos, a prostitución, a sexualidade, o amor, o corpo das mulleres ou a maternidade. Fronte á crítica directa á obxectualización do corpo das mulleres, Carme Nogueira elixe o camiño da ambigüidade como crítica á representación. En *Ceñida (Cinguida)* reflexiona acerca de como determinadas normas e estruturas de poder conforman a nosa identidade, limitando a nosa liberdade de ser e de actuar. Pregúntase como abrirse a novas formas e desde que lugar moverse para poder mostrar a multiplicidade da identidade.



Lara Bacelo

Varona, parirás con dor,
2009

5'

Cortesía da artista

⁹ A cineasta e teórica Laura Mulvey desenvolveu o concepto de escotofilia para definir o pracer que se obtén mediante o proceso de mirar a un obxecto ao que se sexualiza, tradicionalmente o corpo das mulleres. Publicou o artigo “Visual Pleasure and Narrative Cinema” na revista *Screen*, en 1975, que se traduciu ao español en 1988, grazas ao Instituto de Semiótica e Teoría do Espectáculo da Universitat de València.

O persoal é político: o corpo das mulleres e o espazo doméstico

O diálogo entre as obras fai posible seguir un fío narrativo que se aproxima aos principais temas das reivindicacións feministas, ademais de transcender o binarismo das identidades de xénero. Visibilizar as problemáticas que sofren as mulleres no ámbito persoal, xa sexa de forma privada ou social, foi unha das achegas fundamentais do movemento pola liberación das mulleres, tal como afirma o lema de “o persoal é político”¹⁰ que caracterizou ao feminismo da primeira onda. Neste sentido, para Lucy Lippard a arte feminista xurdida nese momento non era nin un estilo nin un movemento, senón un sistema de valores, unha estratexia revolucionaria, unha forma de vida”¹¹.

Mar Caldas na serie *Guarda-roupa* intervéñen as súas propias pezas de roupa con textos bordados e outros elementos engadidos ou cosidos, para referirse a preocupacións persoais, pero que son comúns a moitas outras mulleres, como, por exemplo, o medo a ser seguida na rúa ou o temor de ser violentada pola mirada masculina. Neste traballo –que foi concibido no Brasil durante unha residencia artística–, fotografouse coa vestimenta retocada, a cal, tras ser exhibida, volvería ser usada na rúa, nunha estratexia dobre que se move do privado ao ámbito público e viceversa. En *Se você me abrir, não se esqueça de me fechar* (*Se me abres, non esquezas pecharme*) fala da angustia que supón ter que encaixar en certos estereotipos para resultar atractiva aos homes e, polo tanto, o que significa estar á disposición do outro. En *Quando estiver cheio, faça favor de mo mudar* (*Cando estea cheio, faga o favor de mo cambiar*), mostra o seu corpo suspendido, aludindo á perda do control físico e emocional que se padece durante a fase menstrual.

Na serie *Pesadillas* (*Pesadelos*) Celeste Garrido critica os ideais de beleza e as tendencias de moda que a sociedade impón, exixindo unha eterna xuventude imposible, especialmente para as mulleres. Para remarcar a futilidade do tempo, emprega materiais perecedoiros, como pétalos e espiñas de rosas, elementos naturais cos que recobre un zapato de tacón, presentándoo como un obxecto doloroso en *Tortura femenina* (*Tortura feminina*). Na serie *Nupcial* converte o vestido de noiva nun cárcere de amor, coa intención de cuestionar a institución matrimonial como un mecanismo de control do individuo, segundo as teorías foucaultianas da construción do suxeito. Estes traxes nupciais son recreados nun grupo de debuxos nos cales se transforman en gaiolas, como en *Prisión III-IV*, ou de forma escultórica en *Prisión I*, mediante unha corda que envolve, a xeito de soga, o corpo dun pequeno manequín.

¹⁰ Kate Millet popularizou a idea de que “o persoal é político” no seu ensaio *Sexual politics*, publicado en 1970, e traducido ao español en 1975 como *Política sexual*. Pódese consultar a reedición de 2017 en Ed. Cátedra, Madrid.

¹¹ Lippard, Lucy, “Sweeping Exchanges: The Contribution of Feminism to the Art of the 1970’s”, en *Art Journal*, outono-inverno 1980, p. 362.

Noutras obras tamén se aborda a idea do fogar como un espazo de opresión para as mulleres. Basilisa Fiestras representa simbolicamente as cargas que soportan as mulleres ás súas costas a través dunha chaqueta intervida cuns engadidos volumétricos en forma de casas, colocadas sobre os ombros. Resulta inevitable establecer un paralelismo coas *Femme-maison* (*Muller-casa*) de Louise Bourgeois. Mar Ramón, en *Refugio a partir de tendal* (*Refuxio a partir de tendal*), constrúe un espazo fráxil que remite de forma sutil a un fogar. Incorpora pezas cerámicas con formas orgánicas que aluden a elementos corporais, e que, debido á ambigüidade do precario equilibrio da ensamblaxe de elementos, ben puidesen acharse en perigo ou, pola contra, logran manterse a salvo. Sara Sapetti fálanos do espazo doméstico nun díptico conformado por dúas series fotográficas realizadas en momentos diferentes: *Miss Proper* e *Los placeres de Lola* (*Os praceres de Lola*). Sitúa unha variedade de dildos e xoguetes eróticos destinados ao pracer sexual, ao carón de produtos de limpeza, que tamén asociamos ao ámbito feminino, tal como nos recordan a día de hoxe a maior parte de anuncios televisivos de deterxentes. Ana Gesto na foto-acción *El símbolo de la felicidad* (*O símbolo da felicidade*) tamén representa as cargas dos labores domésticos da ama de casa como castradoras para a realización persoal, cuestionando a idea do matrimonio como un medio para a obtención da felicidade das mulleres. Forma parte dunha serie de accións privadas realizadas na súa casa nas que fala dos temas que lle preocupan, como a violencia

Basilisa Fiestras

Sen título, 2011

Ensamblaxe escultórica
(chaqueta, teas, manequín)
Cortesía da artista



machista, baixo o lema “Nin unha menos”, empregado nas campañas feministas. A videoperformance *Gallarda* supón unha protesta contra a retrógrada reforma da lei do aborto que o ministro Alberto Ruiz Gallardón tratou de impoñer en 2014, finalmente sen éxito grazas á presión feminista.

Crítica á violencia machista

A crítica á violencia física, emocional e sexual exercida contra as mulleres é un tema esencial para a axenda política feminista, así como para as prácticas artísticas feministas desde a década dos sesenta. De forma moi demoledora e directa, Yolanda Herranz fala acerca da espiral de premio e castigo do exercicio da violencia machista, nun díptico de fondo vermello, no que pode lerse en dourado: *Me hace falta besarte para empezar a quererte* (Faime falta bicarte para empezar a quererte) e *Me hace falta pegarte para empezar a tenerte* (Faime falta pegarche para empezar a terte), xerando máis impacto que se se tratase de imaxes explícitas. Chelo Matesanz en *Lo que Lee Krasner podía haber hecho... pero no hizo* (O que Lee Krasner podía ter feito... pero non fixo) converte o goteo da tinta vermella nunha crítica sanguinaria á violencia de xénero, xa que o punto de partida é un anuncio dunha gama de produtos cosméticos masculinos, tomado dunha revista dos anos sesenta. Nesta imaxe publicitaria xustificábase a idea de “se che pega, é que te quere; perdóalle”.



Lara Bacelo

The Another Addiction,
2012

12' 22"

Cortesía da artista

Pola súa banda, Carmen Llonín entende o corpo feminino como un campo de batalla en *Intemperie*. Esta fotografía mostra unha muller espida e tomada cos brazos abertos, sobre un fondo vermello sangue, aproximándose á iconografía da crucifixión, nunha alegoría do sufrimento e da tortura que padecen moitas mulleres. Nesta mesma liña, na performance *Blanco fácil*, realizada na rúa, as integrantes do Colectivo LAG (Lara Buyo & Ana Corujo) transfórmanse en dianas humanas de forma voluntaria, contradicindo os “consellos” para non ser violada, recomendados polo Ministerio do Interior en 2014. Ao manterse inmóbiles, atadas a unha corda estendida a xeito de tendal, expoñíanse a que lles disparasen con pistolas de auga postas á disposición do público que pasaba por alí, perdendo completamente o control da situación e arriscándose a ser violentadas, do mesmo modo que Marina Abramović na performance *Rhythm 0*, na que estivo a piques de recibir un disparo dunha arma auténtica.

¹² *The Addiction* (A adicción) é unha película dirixida por Abel Ferrara en 1995, na que se narra a vida de vampiros existencialistas contemporáneos.

A vivencia do amor a través de relacións tóxicas de parella está estreitamente vinculada á violencia física. Lara Bacelo no vídeo *Another Addiction* (*Otra adicción*) fala sobre relacións sentimentais aditivas, empregando imaxes tomadas da película *The Addiction*¹², ás que xustapón textos litera-

rios, propios e alleos, reflexionando sobre este tipo de dependencia emocional. Neves Seara tamén desmonta a idea do amor romántico na videoperformance *Siempre que me quiera* (*Sempre que me queira*), resaltando o perigo de estar a mercé da outra persoa. Recita en bucle o popular “quéreme, non me quere”, mentres despeza un polo ata arrancarlle o corazón. Igualmente, noutra videoperformance, esta crítica metafórica á violencia machista está presente en *Tan bello como...* (*Tan belo como...*), na que Cristian Gradín tritura unha rosa cun martelo, contraponendo a delicadeza e a fragilidade coa forza e a violencia. En *Cautiverio*, un conxunto de cinco fotoperformances, Mar Caldas narra unha relación de dominio e dependencia a través dun acto simbólico, no que é atrapada por unha figura masculina, da cal tan só vemos a súa man, que vai agarrando guechos do seu pelo e fixándoos á parede, ata que finalmente “decide” liberala.


Esta reclusión e opresión que sofren moitas mulleres no espazo doméstico é abordada por Mery Pais para reflectir a condición da muller musulmá. En *Tras el velo I-II* (*Tras o veo I-II*) investigou acerca do uso do *yihab*, entrevistando e fotografando varias mulleres ás que coñeceu persoalmente durante a súa estada en Tetuán. A algunhas delas púdoas retratar tamén sen o pano, grazas á confianza xerada dentro do seu propio fogar e tras asinar un contrato de confidencialidade polo cal tan só outras mulleres poden ver estas imaxes tomadas na súa intimidade. Por iso, a segunda fotografía atópase protexida nunha caixa pechada con cadeado, que tan só pode ser aberta pola artista en circunstancias determinadas –cando ningún home poida ter acceso a este material–, tal como sucedeu no Auditorio de Galicia, na activación da peza o 3 de novembro de 2017.

Sororidade, matrilinaxe e rituais

A recuperación do legado das sociedades matriarcais, rescatando as deidades femininas, pero sobre todo primando a sororidade e favorecendo a reconciliación entre mulleres, –fronte aos intentos do patriarcado para que rivalicemos entre nós–, ten sido unha das metas dalgunhas correntes feministas xurdidas a partir dos anos sesenta. De aí emerxen toda unha serie de rituais, xeralmente vinculados á natureza, nos cales as mulleres tratan de reconectar coa espiritualidade feminina. *La cabaña roja* (*A cabana vermella*) de Reme Remedios é un espazo de curación, xurdido a partir de dinámicas tomadas dos círculos de mulleres. A través de encontros colectivos que posibilitan a conexión coa enerxía feminina, búscase poder reparar feridas e liberar traumas; en definitiva, sandarnos as unhas ás outras. Os vídeos mostrados son unha selección de performances privadas, levadas a cabo,

en convivencia, por diferentes mulleres que participaron no taller de creatividade, conducido pola artista, que tivo lugar na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela en 2016, durante a exposición comisariada por Clara Rodríguez Cordeiro.

As foto-accións *Mujer, Mar, Memoria* (*Muller, Mar, Memoria*) de Carmen Llonin aproxímanse a esta idea de catarse a través da conexión coa natureza e o acto simbólico do ritual. Sentada nunha cadeira na beira do mar, e partindo da súa propia experiencia, aborda o tema das mulleres dos mariñeiros, sempre á espera do regreso dos seus maridos, padecendo de forma cíclica a ausencia e a soidade, pero tamén a incerteza e a angustia de se volverán vivos ou mortos tras faenar no mar. Neves Seara realiza outra peza de tipo ritual, inspirándose nunha canción infantil titulada *Qué lindo pelo*. Consiste nunha serie de fotoperformances en que celebra a recuperación do bebé dunha familiar á que lle fora retirada a custodia por parte dos servizos sociais.



Xisela Franco

Vía láctea, 2013

Videoinstalación, 4"

Cortesía da artista

A maternidade problematizada aparece reflectida na videoinstalación *Vía Láctea* de Xisela Franco. Retrátase co seu bebé nos brazos, dándolle o peito, a xeito de *Madonna lactans* ou Virxe lactante en movemento. Pero os seus corpos espidos parecen esvaeerse por momentos debido ao efecto apincarado provocado polos fragmentos dunha película de 16 mm –reutilizada e pintada por ela mesma– que é proxectada sobre a imaxe en vídeo. Esta atmosfera misteriosa e escura é amplificada polo audio, que distorsiona o son do latexo do corazón da súa filla. Foxe da representación idealizada da maternidade, presentándoa pola contra como un espazo de conflitos, que xera dúbidas e inseguridades, debido ás dificultades da conciliación das tarefas de coidados coa vida laboral e creativa. Pola contra, no díptico audiovisual *Cruz Piñón* narra de forma afirmativa e optimista a historia de autosuperación dunha muller, xa xubilada, do medio rural galego, pero con moitas ganas de aprender e de coñecer as vastas posibilidades que ofrecen os medios tecnolóxicos. Contrapón imaxes da súa ardua xornada de traballo, como gandeira e agricultora, fronte ás producións creativas realizadas no seu tempo libre, a partir das súas indagacións en internet.

Claudia Brenlla tamén enxalza as mulleres do rural, así como as mariscadoras, na curtametraxe *Bata por fóra, muller por dentro*, rodado en vídeo e Super 8. Desenvolve unha alegre oda á herdanza feminina, rendendo un tributo ao simbolismo da bata, unha peza de roupa de traballo empregada polas mulleres galegas. Esta sèrvelle para reflexionar sobre o feminino e o feminismo, mesturando imaxes reais de corte documental xunto con recreacións dramatizadas do “Dourado das batas”, un universo imaxinado pola artista austríaca Petra Buchegger, que desenvolveu unha serie de pezas

escultóricas elaboradas a partir da tea desta peza de roupa. Andrea Costas alude, de forma sutil, á matrilinaxe en *Tiempo al tiempo (Tempo ao tempo)*. Nesta serie fotográfica retrátase coa súa avoa para coñecerse mellor a si mesma, comparando ambos os dous corpos e destacando as similitudes físicas, ademais de referirse á experiencia compartida, así como á íntima relación afectiva. Celebra o paso do tempo a través da beleza das engurras na vellez, mostrando un corpo afastado do que ditan os canons, que tan só enxalzan a xuventude.

O rol das mulleres artistas

Honrar as devanceiras, rescatando nomes do esquecemento para construír xenealoxías de mulleres creadoras e xerando esa tradición propia da que xa falaba Virginia Woolf¹³ nos anos 20, é unha das tarefas que acomete a historiografía feminista da arte desde os setenta. Linda Nochlin, no seu fundamental ensaio “Por que non existiron grandes mulleres artistas?”¹⁴, reflexionou acerca de como o papel das mulleres como coidadoras, unido ás restricións de acceso á educación formal, impediron que puidesen dedicarse á creación artística con plena liberdade. Griselda Pollock e Rozsika Parker¹⁵ tamén revisaron o canon da arte occidental, investigando acerca das representacións do feminino desde a mirada feminina, evidenciando certos temas e estratexias artísticas diferenciadas.

Nalgunhas obras da exposición pódense apreciar homenaxes a artistas pioneiras ou tamén referencias a autores consagrados, coa intención de reafirmar o rol da muller artista. Luz Darriba celebra a creatividade das artistas galegas en *Yoni Creator*, un dispensador de bólas que se corresponden a distintas autoras, mentres que Ana Gesto realiza unha foto-acción titulada *Cuando sea mayor quiero ser como tú. Acción homenaje a Esther Ferrer (Cando sexa maior quero ser coma ti. Acción homenaxe a Esther Ferrer)*, pioneira da performance no Estado español. As alusións a Lee Krasner aparecen en dúas obras que tratan o tema do papel, ás veces secundario, das mulleres na arte, xa que a súa obra foi infravalorada nun momento en que o crítico de arte Clement Greenberg argumentaba que o *dripping* estaba estreitamente relacionado coa exaculación masculina. Laura Piñeiro en *150 m. de Penélope - Homenaje a Lee Krasner (150 m. de Penélope - Homenaxe a Lee Krasner)* realiza unha peza téxtil, con bordados que remiten ao estilo da pintora. Nunha reapropiación da estratexia feminista dos anos 70, que apostaba por reivindicar o legado cultural feminino, establece un paralelismo entre o status da artista, relegada a un segundo plano desde que contraeu matrimonio con Jackson Pollock –máximo expoñente do expresionismo

¹³ Woolf, Virginia, *Un cuarto propio*, Ed. Alianza, Madrid, 2003. O ensaio foi publicado orixinalmente en 1929 baixo o título de *A Room of One's Own*. Recolle unha serie de conferencias en que reivindicaba un cuarto propio, diñeiro e educación para as mulleres, á par que cuestionaba os escritos masculinos sobre a condición feminina.

¹⁴ Linda Nochlin publicou o artigo “Why Have There Been no Great Women Artists?”, en *Art News*, en 1971. Para a tradución española consúltase o catálogo *Amazonas del arte nuevo*, Fundación Mapfre, Madrid, 2008, pp. 283-289.

¹⁵ Pollock, Griselda, e Parker, Rozsika, *Old Mistresses, Women, Art and Ideology*, Pandora Press, Londres, 1981.

abstracto—, e a selección do material e a técnica, en estreita vinculación cos labores femininos, que sempre foron considerados como unha arte menor. Pola súa banda, Chelo Matesanz en *Lo que Lee Krasner podía hacer... pero no hizo* (*O que Lee Krasner podía facer... pero non fixo*) substitúe a forza da xestualidade corporal do goteo de pintura por un trazo metódico e pausado, mesmo cando imita esteticamente aquel estilo. Ademais, a elección da cor vermella sangue remite a unha situación de violencia implícita, con connotacións moi claras e afastadas do formalismo do *action painting*, ao que carga de contido de xénero.

Así mesmo, prodúcense reflexións críticas acerca do papel da creadora dentro dun sistema sexista da arte e do mundo cultural. Sonia Tourón, en *Acción como picto-escultura feminista* e na videoperformance *A vueltas con la peana* (*A voltas coa peaña*) utiliza este pedestal para reivindicarse como creadora, para erixirse como suxeito da obra, fronte ao tradicional papel das mulleres como obxecto ou musa. Neste sentido, María Ruido na videoperformance *La voz humana* (*A voz humana*) fala ata que xa non pode facelo máis, porque vai tapando a boca mentres recita un fragmento do texto *El origen de la mujer sujeto* (*A orixe da muller suxeito*) de Miguel Cereceda. Este é un xesto de silenciamento que alude ás voces das mulleres que foron negadas na arte e na historia, pero tamén reflexiona sobre as voces que non poden ser tomadas como propias e que as mulleres tiveron que adoptar como estratexia de asimilación á cultura patriarcal. Do mesmo xeito, en *Cronología* (*Cronoloxía*) evidencia a ausencia da muller nos grandes relatos da Historia, reinseríndoa a través do acto da (re)escritura.

Tamén se revisa a obra de artistas da modernidade que foron influentes a pesar das súas actitudes ou comportamentos machistas, na liña de Linda Nochlin¹⁶, que cuestionou o mito do Grande Artista relatado polos historiadores da arte, coa intención de deconstruír a idea romántica do xenio artístico, asociada unicamente ao home branco. Rita Rodríguez en *Salto al vacío* (*Salto ao baleiro*), unha peza inédita, presenta unha relectura da fotografía de Yves Klein titulada *El hombre en el espacio. El pintor del espacio se arroja al vacío* (*O home no espazo. O pintor do espazo bótase ao baleiro*), que foi publicada no xornal *Dimanche* un 27 de novembro de 1960, o mesmo día e mes en que a artista fixo pública a súa. Revisitou esta imaxe icónica 40 anos despois, atrevéndose a ocupar o espazo mítico que lle outorgou a Historia da Arte a un artista que empregaba o corpo das mulleres como medio pictórico para realizar as súas polémicas antropometrías. Pola súa parte, *J.oda a Man Ray v.1* é unha visión ácida de como o corpo da muller foi instrumentalizado polos artistas, criticando as actitudes misóxinas dos surrealistas. Nesta videoperformance, unha das integrantes do colectivo O.R.G.I.A

¹⁶ Linda Nochlin, “¿Por qué no han existido grandes mujeres artistas?”, en *Amazonas del arte nuevo*, op. cit.

¹⁷ As vexigas curadas de vaca ou de porco foron empregadas de forma sonora na Galicia medieval polos recadadores de impostos e actualmente son usadas durante os Carnavais, especialmente na zona de Ourense.

–formado na actualidade por Carmen G. Muriana, Beatriz Higón e Tatiana Sentamáns– transmuta o corpo dunha muller biolóxica no órgano sexual masculino, usando dúas vexigas de vaca¹⁷ para recrear o primeiro plano dunha corrida, unha prerrogativa do poder fálico. En *El origen de mi mundo (A orixe do meu mundo)* Gema López reinterpreta o cadro de Gustave Courbet titulado *El origen del mundo (A orixe de mundo)*, autorretratándose ela mesma. Foxe da cousificación do corpo feminino para afastarse do papel de modelo ou de musa, ademais de renderlle unha homenaxe á artista Joan Semmel.

Sexualidade feminina e corporalidade

As cuestións acerca da sexualidade feminina e o erotismo desde unha perspectiva tanto feminina como feminista son abordadas no fanzine *The Story Behind*, un proxecto editorial concibido por María Ozámiz¹⁸. Buscábase indagar en diferentes facetas do desexo erótico feminino, tanto no espazo privado como público, a través do intercambio teórico e visual entre catro artistas e catro comisarias. Xurdiron temas como o espido masculino, a relación entre arquitectura e sedución, a fascinación polo posible e o difuso, ou o pracer de mirar e ser mirados. Na exposición móstranse as achegas de Mónica Cabo e Carne Nogueira.

Gema López, na serie *Derechos (Dereitos)*, reivindica que as mulleres poidan ser sexualmente activas sen seren prexulgadas e pide poder quedar a soas cun home sen medo a ser violentada. En catro fotografías retocadas con óleo e sangue mostra corpos diferentes de mulleres reais, que non encaixan nos estereotipos que impoñen os medios de comunicación, e nos ventres das cales inscribiu estas demandas relativas ao dereito ao pracer sexual. En *Quien se deja cinchar, se dejará montar (Quen se deixa cinchar, deixarase montar)* Chelo Matesanz fala sobre o control da sexualidade das mulleres, á vez que reflexiona acerca da obxectualización do corpo feminino. Toma como punto de partida as representacións simbólicas das formas femininas que adquiren algúns en recipientes tradicionais de uso doméstico, como os cántaros ou as xerras, vinculados á fertilidade segundo o folclore popular. Establece un xogo irónico a través da asociación entre o título elixido, que alude a unha expresión tomada da doma dos cabalos, e o obxecto artístico, unha reapropiación dunha peza cerámica de Gundivós que perforou para engadirlle dous queixos de tetilla. As alusións a formas corporais son habituais na súa obra, tal como se observa en *Marilyn e Marlene*, unhas pezas cerámicas policromadas en dourado que se presentan por primeira vez en *Alén dos xéneros*. A ornamentación representa órganos sexuais masculinos e femininos, recordando algúns destes motivos decorativos a imaxi-

¹⁸ A experiencia editorial *The Story Behind* foi desenvolvida grazas ao Programa de Residencias Artísticas do Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa (MAC). Pode consultarse en: <http://thestorybehindfanzine.org/>



Chelo Matesanz

Quen se deixa cinchar, deixarase montar, 2005

Cerámica de Gundivós e queixos de tetilla

naría vaxinal promovida por Judy Chicago, artista pioneira da arte feminista xurdida a finais dos anos sesenta nos Estados Unidos. Por outro lado, os coloridos tapetes de agulla de gancho –sobre os que se apoian as pezas– están inspirados nos vestidos de películas protagonizadas por Marilyn Monroe e Marlene Dietrich. Estes traxes axustábanse aos corpos das actrices para o momento para o momento da rodaxe da escena, pero a continuación eran destruídos para poder liberalas desa vestimenta-corpiño, imposible de usar na vida real.

Pola súa banda, María Marticorena desata a súa enerxía sexual na performance *Asuntos laterales (Asuntos laterais)*. É un exercicio de salvaxe e sofisticado autoerotismo no que desprega a súa sensualidade, a través dunha hiperfeminizada aparencia (vestido cinguido, medias finas e zapatos de tacón), montada sobre dúas cadeiras danzantes ao ritmo acelerado que marca o seu reptante corpo. Dalgún xeito aproxímase a certas propostas posporno que estaban eclosionando nese momento.

Identidades, corpos e sexualidades queer

O segundo eixe da exposición trata acerca da subversión das identidades de xénero, mostrando outros corpos e sexualidades desde unha perspectiva *queer*, é dicir, fóra da heteronormatividade dominante¹⁹. Ao entender esas categorías como construcións socioculturais que dependen de contextos políticos, relixiosos e raciais determinados, poden ser transformables e reformuladas dun novo xeito. Este desafío é aplicado a través do axenciamiento político, creando espazos múltiples de resistencia ao poder hexemónico. De aí a infinidade de prácticas e identidades sexuais, de xénero e sexualidade, entendidas como disidencia do dimorfismo sexual (macho/femia), dos roles de xénero masculino/feminino e do heterosexismo.

A isto responden as propostas de LSD, un colectivo integrado por activistas e artistas, xurdido en Madrid en 1993, e do cal formou parte a socióloga galega Fefa Vila. Trataban de construír un imaxinario visual acerca do lesbianismo, que naquel momento era practicamente inexistente no Estado español, debido ao impacto da forte represión franquista cara ás sexualidades “torcidas”²⁰. A serie fotográfica *Es-cultura lesbiana* visibiliza corpos de lesbianas suando desexo ou lesbianas sen dúbida, seguindo o xogo de acrónimos que dá lugar ao nome do grupo. Son imaxes directas e provocadoras que mostran o sexo entre mulleres sen pudor ningún. Buscaban reflectir as súas propias experiencias, desexos e realidades, como na serie *Menstruosidades*, onde de forma lúdica mostraban o sangue menstrual a través da manipulación pictórica da fotografía, un fluído corporal que a día de hoxe segue

¹⁹ Wittig, Monique, *El pensamiento heterosexual y otros ensayos*, Ed. Egales, Madrid, 2006. (Versión orixinal: *The Straight Mind and Other Essays*, Beacon Press, Boston, 1992).

²⁰ Llamas, Ricardo, *Teoría torcida. Prejuicios y discursos en torno a “la homosexualidad”*, Ed. Siglo XXI, Madrid, 1998.



LSD

Menstruosidades, 1996

Fotografía e tinta pigmentada
Cortesía Arquivo Fefa Vila

resultando abxecto para a sociedade. Estas fotografías performativas eran empregadas en accións de rúa e manifestacións, pero tamén as difundían a través de *Non Grata* (1994-1998), a súa propia publicación autoxestionada, a xeito de fanzine, na cal incluían traducións de textos *queer* e imaxes de obras de artistas feministas e lesbianas.

Unha década despois, Mónica Cabo tamén fala acerca da sexualidadelésbica en varios dos seus traballos. Na serie *Dorados dedos* (*Dourados dedos*) suxire o desexo cara a outras mulleres –pensando en Kate Moss ou pensando na veciña do quinto, tal como apunta nos subtítulos de cada fotografía– a través da representación simbólica da masturbación feminina, reflectindo de forma poética este exercicio de cotián autoerotismo. As fotografías *Entre tus labios, los míos* (*Entre os teus labios, os meus*) mostran a artista lambendo un cadrado de látex, empregado para a prevención de enfermidades de transmisión sexual durante a práctica do sexo oral ou *cunnilingus*. Os carteis *Ridy tu pley* empregan a linguaxe dos anuncios por palabras para ofrecer servizos sexuais para lesbianas. Imbuída pola lectura do *Manifiesto contra-sexual* (*Manifiesto contra-sexual*)²¹ de Paul Preciado, mostra todo tipo de propostas de prácticas sexuais, xoguetes eróticos e estereotipos: desde a *femme* (feminina) á *butch* (masculina), ou tamén os *drag kings*, é dicir, mulleres que se travisten de homes para representar a mascarada da masculinidade de forma paródica, desde unha perspectiva máis crítica e política que as *drag queen*. Para Judith Butler²² estas prácticas performativas supoñen un sofisticado mecanismo de deconstrución do xénero, posto que desestabilizan o sistema heterosexista ao disociar as actitudes masculinas e femininas de corpos con esas características.

²¹ Preciado, Paul (Beatriz naquel momento), *Manifiesto contra-sexual*, Ópera Prima, Madrid, 2002.

²² Véxase Butler, Judith, *Cuerpos que importan. Sobre los límites materiales y discursivos del "sexo"*, Ed. Paidós, Barcelona, 2002. Versión orixinal: *Bodies that Matter. On the Discursive Limits of "Sex"*, Routledge, Nova York, 1993.

Outras obras da exposición empregan esta parodia de xénero para sinalar o artificio e a teatralización, tanto da feminidade como da masculinidade, deixando en evidencia como as normas de xénero están baseadas en actos repetidos ou códigos de comportamento, xestos e vestimenta que posteriormente son naturalizados e interiorizados, rexeitando as explicacións bioloxistas. Conforman o que a psicanalista Jane Rivière en 1929 denominou mascarada, para referirse en concreto á feminidade, unha reflexión que foi retomada durante os noventa por pensadoras *queer* para desenvolver a idea da performatividade de xénero, especialmente Judith Butler²³. Nas fotografías da *Serie Verde*, o colectivo O.R.G.I.A (acrónimo de Organización Reversible de Géneros Intermedios e Artísticos, entre outras opcións) aplica referentes propios para reapropiarse das prácticas *drag king*, que foran popularizadas no contexto anglosaxón representando personaxes moi afastados do imaxinario español. Traballaron a partir dos estereotipos do “macho ibérico” dos anos sesenta para parodiar o home “casposo” e rancio daquel momento. Estes “reis travestidos” –igual que o recortable *Paquito al servicio de España* (*Paquito ao servizo de España*)– proceden dunha investigación acerca da identidade masculina durante o franquismo, realizada a partir da análise de anuncios televisivos e películas da chamada época do destape, protagonizadas por Pajares e Esteso, Alfredo Landa, Paco Martínez Soria ou os irmáns Ozores. Ese arquivo audiovisual deu lugar ao vídeo *P.N.B. (Producto Nacional Bruto)* [*P.N.B. (Producto Nacional Bruto)*], do cal se subtrae que os únicos papeis posibles para as españolas en época se reducían a nai, esposa e muller-floreiro.

De igual modo, María Marticorena na performance *Silbando mis tormentos* (*Asubiando os meus tormentos*) revisa ironicamente a figura do *cowboy* ou vaqueiro para evidenciar os códigos de representación da ruda masculinidade do Oeste americano. Por unha parte, nutríndose da súa propia experiencia de asimilación da cultura texana, durante o seu período de residencia preto de Dallas, e, por outro lado, adoptando os aspectos performativos do xénero cinematográfico do *western*, recrea as actitudes e as poses reflectidas nalgunhas películas, mentres fai voar sombreiros empregando un soprador de follas entre as súas pernas, a xeito de falo simbólico, cabalgando imaxinariamente ao son da canción de *O bo, o feo e o malo*. Pola súa banda, Mónica Cabo na videoperformance *Rompiendo los huevos por las claras* (*Rompendo os ovos polas claras*) mófase simbolicamente dos atributos da masculinidade empregando un dildo para bater ovos, nunha acción crítica cara ás formas de sexualidade lexitimadas.

POST-OP (Majo Pulido & Elena Urko) analizan a identidade entendida como un conxunto de biopolíticas e tecnoloxías de xénero²⁴, influídas polos talleres

²³ Butler, Judith, *El género en disputa. El feminismo o la subversión de la realidad*, Ed. Paidós, Barcelona, 2007. Publicado orixinalmente como *Gender Trouble, Feminism and the Subversion of Identity*, Routledge, Nova York, 1990.

²⁴ Lauretis, Teresa de, “The Technology of Gender”, Lauretis, Teresa de (Ed.), *Technologies of Gender*, Indiana University Press, 1988.



POST-OP

[Majo Pulido e
Elena Urko]

Implantes, 2003

4' 58"

Cortesía das artistas

dirixidos por Paul Preciado en 2004 no MACBA. Mostran o artificio dos roles de xénero no vídeo *Implantes*, teatralizando actos e xestos que a sociedade entende como propios da feminidade (maquillarse, depilarse, cruzar as pernas ao sentar...) ou da masculinidade (abrir as pernas ao sentar, tocar os xenitais, cruzar os brazos en pose dura, mirada desafiante...). Pola súa banda, Sara Sapetti na serie *Las Verónicas (As Verónicas)* ponnos a proba en relación co que consideramos que é feminino e masculino. Xoga ao equívoco, fotografando mulleres que, tras seren maquilladas como *drag queens*, paradoxalmente, parecen homes biolóxicos, evidenciando así a mascarada das identidades de xénero. *A ama de casa pervertida* (Cristian Gradín & Pablo Huertas) tamén crítica a función social dos roles de xénero no vídeo de animación *Acorazonada*. Nesta colaxe audiovisual, reapropiándose de materiais gráficos dos anos cincuenta e sesenta –como manuais escolares, revistas femininas, libros de costura e cociña ou misais–, xeran unhas novas composicións ambiguas, que cuestionan e subverten os valores morais acerca da sexualidade e a idea de familia que aquelas imaxes buscaban transmitir.



Sara Sapetti

Caelum [Da serie
As Verónicas], 2009

Fotografía

Cortesía da artista



El ama de casa pervertida

[Cristian Gradín & Pablo
Huertas]

Acorazonada, 2008

2' 20"

Cortesía dos artistas

²⁵ Foucault, Michel, *Vigilar y castigar, nacimiento de la prisión*, Siglo XXI, Madrid, 1994, pp. 140-145. (Versión orixinal: *Surveiller et punir*, Gallimard, Paris, 1975).

²⁶ Foucault, Michel, "El sujeto y el poder", *op. cit.*, pp. 423 e 427.

²⁷ No xogo de mesa *O camiño da vida*, comercializado pola empresa MB, os xogadores fan un percorrido desde a infancia ata a vellez, superando fases como os estudos ou o matrimonio, mentres tratan de evitar a ruína, obtendo a maior ganancia económica posible.

Estes axentes de socialización e de homoxeneización, que conforman corpos dóciles²⁵, tamén son analizados no vídeo de animación *Otra vez algo nuevo* (*Otra vez algo novo*) de Vicente Blanco, que se pode interpretar como un cuestionamento ao heterosexismo. Parte do argumento da película *Teorema*, dirixida por Pier Paolo Pasolini, na cal un mozo seduce todos os membros da familia, pero aquí o namoro transfórmase en baleiro ao tratarse dun intercambio sexual puramente mecánico, orixinado pola demanda de servizo sexual solicitada polo cabeza de familia. Adopta a estética *vintage* tomada de debuxos animados dos anos cincuenta que foron empregados como propaganda política, tanto rusa como americana. No proxecto *Un lugar*, presentado por primeira vez en *Alén dos xéneros*, indaga acerca dos mecanismos de poder mediante os cales certas institucións disciplinarias²⁶ –como a Igrexa, a educación e a familia– constrúen as identidades desde os seus espazos específicos. Para a elaboración destas preciosistas colaxes, realizadas en papeis de múltiples tonalidades, parte de elementos construtivos, flora e folclore descontextualizados do seu contorno habitual: a Galicia rural. Interésalle recuperar certas tipoloxías de arquitectura, como as casas de indiano ou as igrexas franquistas, para borrarles a súa ideoloxía orixinal e poder establecer novas relacións coa realidade actual. Enmarcando as colaxes *Casa e Escola*, sitúa *Estructuras para pertencer #1*, unha peza escultórica formada por uns bloques de formigón xunto con elementos en papel de tipo ornamental. Funciona como símbolo da desaparición da identidade rural ante a imposición da homoxeneización do urbano.

Peque Varela, na curta de animación *1977* emprega o xogo de mesa *El camino de la vida* (*O camiño da vida*)²⁷ como metáfora para falar da súa propia vivencia como un suxeito muller que escapa ás normas do

Peque Varela

1977, 2007

8' 24"

Cortesía da artista




heterosexismo desde unha pequena cidade de Galicia. Narra visualmente a ansiedade sufrida por non lograr encaixar dentro do rol da feminidade cando era nena, recreando as experiencias vividas –como a escena en que é insultada, chamándolle marimacho, mentres conduce a súa bicicleta rosa–, ata que finalmente logra encaixar a súa propia identidade como lesbiana de aspecto masculino, superando así unha infancia vivida con desprezos e insultos constantes. Pola contra, Moona Muniz Elazhari é unha artista transexual que aborda de forma metafórica o seu proceso de transición de home a muller. Nos vídeos *Andróxenia* e *Tatawassaeu al mona* móstranse fragmentos do corpo humano de forma calidoscópica, reproducindo unha arquitectura xeométrica de arabescos. Tan só se diferencian no estridente e inquietante son do primeiro, reflectindo a súa propia angustia existencial ao sentirse atrapada nun corpo de home, mentres que o silencio do segundo simboliza a harmonía alcanzada tras a reasignación de sexo. Posteriormente, realizou a videoperformance *Haraam, Product of Reunion Island*, unha crítica á obxectualización e á mercantilización do corpo das mulleres, que comezou a sufrir ela mesma tras o cambio de sexo. Reflexiona acerca do puro e do impuro a nivel visual e identitario, a través dun xogo de referencias cruzadas de diferentes culturas e relixións: por unha parte, *haraam* en árabe significa prohibido, fronte a *halal*, permitido ou apto para o consumo; e, por outro lado, utiliza o coco nalgunhas escenas, un símbolo de pureza para o hinduísmo.

Continuando coa estética da remestura posmoderna, EDU (Eduardo Fernández) no videoclip *Chica de La Coru* xoga ironicamente coa linguaxe pop e o formato *youtuber*, mesturando alta cultura –con referencias académicas a teóricas feministas– e cultura popular. Emprega unha iconografía mestiza para facer unha alegación *queer* contra as identidades estables, animando a disolver os xéneros²⁸, aludindo a persoas intersexuais, interxénero, transexuais e transxénero, posto que, en palabras de Judith Butler, “a revolución deberá ser transfeminista, ou non será”²⁹. Interpretou este tema en directo, así como outros *hits*, nas xornadas inaugurais da exposición celebradas nas salas expositivas do MARCO e do Auditorio de Galicia.

Pola súa parte, a revista *Gran Hermana*, autoeditada por O.R.G.I.A, reflexiona acerca da subxectividade e a identidade de xénero no ámbito televisivo, criticando o réxime panóptico da sociedade do espectáculo en que vivimos. As protagonistas non responden nin aos estereotipos de beleza nin de personalidade que a sociedade considera como normais; ao contrario, representan todos os trazos de comportamento que son deostados como raros ou estraños. No fanzine –ou *queerzine*– *Estamos hartas de superhéroes (Cabaré Puré)* [*Estamos fartas de superheroes (Cabaré Puré)*] tamén

²⁸ Butler, Judith, *Deshacer el género*, Paidós, Barcelona, 2006. Versión orixinal: *Undoing Gender*, Routledge, Nova York, 2006.

²⁹ Conferencia impartida por Judith Butler en maio de 2008 na Facultade de Filoloxía da Universitat de València.



Katrina Biurrun

Patriarcal, 2015

Video, 4' 44"

Cortesía da artista



Katrina Biurrun

Feminismo Queer - Subxectividade
nómade, 2016

Video, 5' 40"

Cortesía da artista

³⁰ Braidotti, Rosi, *Feminismo, diferencia sexual y subjetividad nómade*, Ed. Gedisa, Barcelona, 2004. Publicado orixinalmente como *Nomadic Subjects. Embodiment and Sexual Difference in Contemporary Feminist Theory*, Columbia University Press, 1994.

aparecen corpos herexes, alternativos e hedonistas, nunha homenaxe ao cabaré como un espectáculo valente e revolucionario. Esta potencialidade da festa como un espazo para o axenciamento é suxerida por Katrina Biurrun nos vídeos *Feminismo Queer - Subjetividad nómade* (*Feminismo Queer - Subxectividade nómade*) –cuxo título alude ao libro de Rosi Braidotti³⁰– ou tamén no lenzo *Realismo operativo II: Merienda en la hierba* (*Realismo operativo II: Merenda na herba*). Nestas pezas, o ocio e a diversión, a partir de encontros entre amizades e festas privadas organizadas pola propia artista, vólvense políticas a través da performatividade de xénero, nunha posta en escena subversiva das identidades sexuais. Neste sentido, na instalación *Las amigas de Meri* (*As amigas de Meri*) constrúe, ensamblando elementos e materiais diversos, uns seres híbridos entre animais e humanos, dificilmente clasificables. Sabela Dopazo –que foi a integrante galega de O.R.G.I.A– tamén fala da hibridación en *Entomofilia*. Nesta fotografía representa unha muller-insecto, con catro pernas, ademais de hirsuta, é dicir, con abundante peluxe corporal. Igualmente, POST-OP no vídeo *Introakto* presentan uns personaxes inventados con todo tipo de próteses de xénero, fóra de toda norma, para narrar unha historia postporno nun ambiente industrial. O movemento postporno cuestiona a pornografía convencional, e, malia conter elementos eróticos, non persegue un obxectivo masturbatorio, senón político, crítico, intelectual ou humorístico. Deste modo, habería que entendela como unha práctica performativa, sexual e política altamente subversiva.

Revisión da masculinidade

A terceira parte da exposición revisa a identidade masculina hexemónica, ofrecendo outras posibilidades diferentes da imaxe de fortaleza e seguridade que socialmente se lles exige aos homes heterosexuais, ademais de visibilizar outras identidades sexuais non normativas. Deste xeito, móstranse masculinidades, sensibles e doentes, mesmo con fisuras e contradicións, e, polo tanto, afastadas dos canons da virilidade impenetrable que marca a heteronormatividade.

A obra de David Catá parte da autobiografía e aprópiase de certas técnicas e estéticas normalmente asociadas a obras realizadas por mulleres ou a estratexias artísticas feministas, como o uso performativo do seu propio corpo, mesmo experimentando cos límites físicos da dor, ou a costura para falar sobre o íntimo e persoal. En *Mi vida a flor de piel* (*A miña vida a flor de pel*) cose sobre a palma da súa man os retratos de persoas importantes na súa vida –como os seus pais, avós, profesores, noivas e ex-noivas– mostrando o proceso en vídeo e o resultado final en fotografías, que, á súa vez, documentan as pegadas e o impacto do bordado sobre a súa pel. A serie *Cenizas* (*Cinzas*) componse de fotoperformances privadas, realizadas no seu piso, tras finalizar de forma imprevista unha residencia artística en Berlín. Empregando de forma catártica as cinzas obtidas da combustión do carbón que utilizaba para queantar a súa casa, a xeito de ritual trata de reflectir a súa metamorfose nun momento de transición vital. Así mesmo, autorretratar-se espido remite a traballos artísticos nos cales se abordan cuestións identitarias. Julio Álvarez Bautista tamén se ispe ante os espectadores para falar da súa propia experiencia na videoperformance *Educación y democracia. Mediación entre la víctima, el acosador y el observador* (*Educación e democracia. Mediación entre a vítima, o acosador e o observador*), en que aborda, en tres actos, o *bullying* homófobico que padeceu sendo estudante de Secundaria durante a súa adolescencia.

Igualmente, o traballo artístico de Félix Fernández caracterízase pola performatividade; exhibicionista e narcisista ás veces, apocalíptico noutras ocasións, multiplicándose en innumerables personaxes, pero sempre interesado en afondar na vulnerabilidade do artista, así como na crítica á sociedade de control, individualista e salvaxemente capitalista na que vivimos. En *Sensible a la belleza* (*Sensible á beleza*) móstrase fráxil e golpeado, afondando no medo a ser aceptado, que anos despois o levaría a realizar o vídeo *Materialización para la eternidad* (*Materialización para a eternidade*), o cal se acompaña dunha serie de fotografías enmarcadas con portadas de CD. Narrado en clave de falso documental e con estética retrofuturista, fala



Félix Fernández

Materialización para a eternidade, 2013

Fotografía

Cortesía do artista

sobre a sexualización do corpo masculino a través do seu *alter ego* musical Jëan Fixx, estrela da música e DJ. Convértese nun produto comercial para denunciar como a industria musical constrúe corpos e identidades, devorando a persoa que hai debaixo deste tipo de representacións icónicas, nun anhelos de transcendencia atemporal a través dos seus estudados actos e mediante unha imaxe hipercosmetizada. Na inauguración de *Alén dos xéneros* desdoubrouse en Jëan Fixx, presentando o DJ set (*De)generated*, ideado especificamente para a exposición. Por outro lado, no vídeo *Hoolley* formula un cuestionamento da sexualidade heterosexual a partir do soño dun *hooligan* de fútbol, representado por el mesmo. Recrea un individuo que flutúa entre o violento e o vulnerable, entre a dureza e a fragilidade. No seu delirio etílico vive unha fantasía erótica cunha muller transexual, rompendo así co estereotipo de macho asociado a este tipo de personaxe.

O traballo audiovisual de Xoán Anleo tamén aborda as políticas da representación, a produción da subxectividade e interésase pola deconstrución das identidades de xénero. No vídeo de animación *Redes de sospecha (Preámbulo)* [*Redes de sospeita (Preámbulo)*] critica as actitudes machistas do mundo do rock, simbolizadas na guitarra eléctrica, que funciona como un obxecto fetichista e epitome da xenitalidade masculina. De xeito irónico, á vez que sobrio, mostra os movementos sexualizados de dúas guitarras, que tras varias insinuacións rematan achegándose entre si, suxerindo unha penetración. Pola súa banda, Álex Mene nas cinco fotografías tituladas *Dobre ou nada* representa a loita entre o modelo e a súa sombra, entre a persoa e o seu dobre, entre o home e a súa masculinidade. O boxeo sería unha metáfora da pelexa continua que o artista debe librar para atopar o seu lugar no mundo e, ao mesmo tempo, definir a súa propia identidade como home.

A crítica ao binarismo de xénero está estreitamente relacionada coa relectura da masculinidade construída polo patriarcado desde a infancia, tal como nos lembra o dúo denominado El Ama de Casa Pervertida nos seus traballos realizados a partir de imaxes da cultura popular española dos anos sesenta. No mural *Tú madre no era lacaniana (Túa nai non era lacaniana)* realizan unha sutil crítica acerca de como se homoxeneiza e estandariza os homes a través dos códigos da vestimenta. Destacan o falocentrismo que rexe a educación emocional masculina, valéndose da ampliación dun fragmento dun anuncio tomado dun catálogo de venda por correo. A escena parece aludir a unha estraña situación de xogo ou competición entre os nenos, porque o tamaño –dos globos– si importa. Un dos integrantes deste colectivo, Cristian Gradín, traballa sobre a construción social da identidade masculina e o desexo homoerótico. En *Clever boy*, unha animación realizada

en *stop motion*, un neno-boneco fantasía con outras figuras masculinas, no medio dun ambiente onírico integrado por bailes de cabaré coreografiados con bonecas. Na animación dixital *Un hombre, demasiados hombres* (*Un home, demasiados homes*) descontextualiza os arquetipos da masculinidade presentes nas revistas destinadas a un público feminino. A través da montaxe e da música, intensifica a tensión sexual entre os devanditos personaxes, provocando unha intención diferente nas miradas dos protagonistas das historias románticas.



Salvador Cidrás

Detalle da serie
Consumindo xuventude,
2008-2017

Tinta pigmentada sobre papel
Cortesía do artista

Salvador Cidrás e Vicente Blanco mostran a súa fascinación pola identidade adolescente masculina en gran parte dos seus traballos, como na serie *Consumiendo juventud* (*Consumindo xuventude*) –composta por fotografías, imaxes gráficas e ensamblaxes escultóricas– e no vídeo de animación *El más joven y radiante piloto* (*O máis xoven e radiante piloto*), respectivamente. Entenden este momento de transición entre o imaxinario infantil e o mundo adulto como un espazo de conflito identitario, xa que a pertenza ás

convencións socioculturais son fundamentais para formar parte do grupo, é dicir, para integrarse como individuos heteronormativos... ou non. Nesta mesma liña, insinuando o desexo cara a outros homes, Álex Mene reflexiona de forma poética acerca da camaradaría masculina no díptico fotográfico *Conversa*, autorretratándose con outro amigo: dous corpos espidos aínda mozos no interior dun contorno doméstico, reflectindo intimidade ademais de erotismo entre eles. Xoán Anleo aborda o tema do *crusing* no vídeo de ficción *Pas de deux*, relatando unha serie de encontros sexuais casuais entre homes novos no espazo público, como a estación de metro ou de ferrocarril, os baños públicos e lugares abandonados ou marxinais situados en Madrid. Nestes espazos entremestúrase o privado e o público, presentando unha realidade descoñecida para a moralidade dominante.

Habería que destacar as pezas realizadas a finais dos setenta por Roberto González Fernández, pioneiro á hora de dar visibilidade ao colectivo homosexual no Estado español. No debuxo *Trío y lagarto* (*Trío e lagarto*), da serie *Azules interiores* (*Azuis interiores*) (1976) reflecte un encontro homoerótico nun espazo interior, no cal os personaxes nos dan as costas, sen atreverse a mostrar os seus rostros, aludindo á prohibición da homosexualidade durante o período franquista. Tras a súa estada nos Estados Unidos, entre 1979 e 1980, comeza a localizar as escenas no espazo exterior, con personaxes que se mostran de fronte, orgullosos e alegres, froito da apertura sexual que coñeceu alí. A serie de debuxos *Parade* recolle os festexos da Gay Parade, ou celebración do Orgullo Gai, que conmemoran os disturbios provocados polas manifestacións contra unha violenta redada policial que tivo lugar o 28 de xuño de 1969 no bar Stonewall Inn, no barrio neoiorquino de Greenwich Village. A serie *Elephant Walk* está inspirada no Barrio de Castro, coñecido por albergar a comunidade gai de San Francisco. Está realizada no seu característico estilo hiperrealista, pero cada un dos debuxos contén códigos secretos da subcultura homosexual, como os *glory holes*, é dicir, os ocos para introducir o pene nos cuartos escuros, ou o propio título, que alude a un bar de ambiente moi famoso naquel momento. Por último, na exposición inclúense dous óleos titulados *Kiss Me* (*Bícame*) e *Love Me* (*Ámame*), realizados a mediados dos noventa e que forman parte da serie *Orestes-Orestes*. É un proxecto que desenvolve a secuencia temporal que se produce no transcurso do encontro e desencontro entre dúas persoas. Esta recreación recórdanos o estilo tenebrista de Caravaggio e o Barroco español, a través de recargadas expresións e xesticulacións, que foron escenificadas por un actor de teatro, en alusión ás palabras tatuadas na súa pel.

Polo tanto, a exposición *Alén dos xéneros* trata de transcender a división entre homes e mulleres, superando os límites entre a masculinidade e a

feminidade, cuestionando, deste xeito, os códigos binarios aprendidos socioculturalmente. A través das prácticas artísticas e activistas feministas buscouse mostrar cuestións relativas a ser muller nun mundo patriarcal e machista, pero tamén se tratou de visibilizar outros corpos, identidades e sexualidades non heteronormativas, que pola contra son múltiples, fluídas, mutables e nómades.



Xoán Anleo


INDEX. 3.472/47 pp./1.

Títulos de exposicións colectivas
de arte contemporánea, 2017

Impresión sobre papel, encolado sobre madeira


Instalación

Cortesía do artista



realidad
reversible.





**FEMI
NINO**



**FEMI
NISTA**



Yolanda Herranz

Me hace falta besarte para empezar a quererte

Me hace falta pegarte para empezar a tenerte

(Da serie El mí y el tú. Proxecto Distancias e Abismos), 2007

Texto madeira e serigrafía sobre aluminio lacado en vermello sangue

Cortesía da artista

Destierros / Exiles XV

(Do proxecto Destierros / Exiles), 2017

PVC e pintura metálica en ouro, prata e cobre-bronce


Instalación específica

Cortesía da artista



ME
HACE
FALTA
PEGARTE

PARA
EMPEZAR
A
TENERTE



Caídas

A obra *Caídas* propón unha reflexión sobre o concepto de monumento.

O cambio de xénero operado no título “Caídas” dá a clave de entrada ao matiz no que centramos o pensamento.

Caídas institúese en alegoría reivindicativa ás heroínas anónimas de todas as batallas: as nunca mencionadas, as non recordadas, as esquecidas, as viúvas, as orfas, as nais sen fillos... Elas son a retagarda resistente de todas as guerras, as que sosteñen, na soidade dos que se foron, aos que quedan famentos, maltreitos e feridos.

Formalmente a peza está configurada polo amoreamento de trinta e tres pares de diferentes tamaños de pés; sesenta e seis modelos que foron metalizados en ouro, prata e bronce, e que se sitúan na parte posterior da estatua homenaxe aos caídos, como heroes, na batalla da Ponte Sampaio (onde os pontevedreses venceron os franceses durante a guerra da Independencia). A súa situación exacta definiuse sobre o terceiro chanzo que sobresaia da auga da fonte que rodea ao monumento, e máis concretamente baixo o texto en bronce, conmemorativo do centenario.

Pés truncados polo nocello... “Caída”, perda da elevación, anulación da capacidade de camiñar, de avanzar... “Caída”,



Yolanda Herranz

Caídas / Fallen Women, 97

[do proxecto Destierros / Exiles], 1997-2014

Tres fotografías e texto. Instalación

Cortesía da artista

referencialidade dirixida aos pés que nos sustentan ergueitos... “Caídas”, como paradas emblemáticas de cada unha das procesións: penitencias, mortificacións, amputacións, ocultacións, silencios...

A parte de atrás do monumento, elixida como lugar de intervención, opera metaforicamente como espazo simbólico: ocultado da fronte; como segundo plano, sendo este o lugar ocupado na historia pola muller.

Tres chanzos de pedra, sobre a auga, ao xeito dos do podio dos vencedores en calquera competición. Os metalizados, ouro, prata e bronce, que cobren as formas humanas encarnan o primeiro, o segundo e o terceiro galardón, e aluden ás categorías de valoración social competitiva de estrutura masculina.

En *Caídas* o rigoroso ordenamento do premiado tórnase na desorde piramidal e caótica do amoreamento de fragmentos corporais rememorando a amputación e a morte.

A luz, ao incidir sobre as “peles” metalizadas, devólvenos un brillo cegador que nos reclama, facéndonos xirar a cabeza e ferindo a nosa mirada.

Yolanda Herranz Pascual

Pontevedra 1997



FEMINISMOS



Contenedor de feminismos

Anxela Caramés, Carme Nogueira e Uqui Permui

2009-2014

<http://contenedordefeminismos.org>

Videoinstalación

Cortesía da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán




Docu-accions realizadas co Contenedor en Vilaxoán, A Coruña e Bilbao



Ana Gil

Homenaxe a *La costilla maldita II*, 2008

Fotografía documental de performance
en espazo público
Cortesía da artista



Luz Darriba

Guante negro, guante blanco
2005

Fotografía documental de acción
en espacio público
Cortesía da artista





Luz Darriba

Yoni Creator, 2016

Ensamblaxe escultórica

Cortesía do Museo Provincial de Lugo



Rita Rodríguez

Cosida a ti, 2005

Vídeo, 24' 30"

Fotografía. Texto

Cortesía da artista

Cosida a ti

Saio do mosteiro na procura dunha persoa que queira coserse a min, mentres segue coa súa vida.

Tras varios intentos, son quen de que un traballador do mosteiro teña a vontade de que me cosa a el ata que outra persoa o substitúa.

Saco fio e agulla e comezo a coser a miña manga coa súa; unha vez cosida indícolle que prosiga co que tiña que facer.

Lévame por diferentes zonas da cidade e fai innumerables intentos por que alguén o substitúa.

Logo de algo máis de dez minutos de terme cosido a el damos cunha muller que traballa nun posto de rúa, disposta a se coser.

Saco outra vez o fio branco e a agulla e doullo á muller para que cosa a súa manga á miña (eu permanezo cosida ao primeiro pola outra manga).

Cósea e ao rematar eu corto a costura que me unía ao rapaz do mosteiro.

Agora vou coa muller á Praza do Toural e damos unhas cantas voltas máis; ninguén está disposto a se coser.

Aparecen uns cativos correndo e un vén abrazarse á muller coa que vou; é o seu fillo. Ela proponlle ao neno de catro anos que se cosa comigo, este acepta, de mala gana, e ela mesma me cose ao neno.

Ao rematar, eu corto a unión coa súa nai e o neno comeza a andar cara aos postos de venda ambulante, onde, posteriormente, senta ao carón dos soportais.

Permanezo bastante tempo ali, axeonllada co neno.

Finalmente, o neno rompe a chorar, momento no que eu decido descoserme del e dar por concluída a acción.

Rita Rodríguez



Kiss Me

Diríxome á entrada de Praterías da Catedral de Santiago de Compostela.

Levo mochila.

A un extremo da porta un home está a pedir.

Ao outro extremo sitúome eu na outra esquina da porta.

Sen moverme de alí saco unha gran bolsa de plástico negra da mochila e póñoa.

Coa bolsa cubrindo o meu corpo comezo a pintar os beizos de vermello e a escribir cun rotulador negro: KISS ME, sobre un anaco de cartón.

Á altura dos meus beizos fago un burato na bolsa cun cúter, deixando que estes se vexan desde o exterior.

Ao cartel de cartón engáncholle unha corda e pendúroo do meu pescozo.

Permanezo así, sobre corenta minutos.

Finalmente, pasado ese tempo, quito o cartel de KISS ME, borro os beizos (limpo o pintalabios) e gardo todo o que empreguei na mochila, incluída a bolsa que quito en último termo.

Pecho a mochila e marcho.

Rita Rodríguez

Kiss Me, 2005

Video, 34' 41"

Fotografía. Texto

Cortesía da artista





MAGAZINE.36. **A NOSA TERRA** 2009

INEDITO
 Entrevista MARCEL SENDÓN • NUM. 12
 20.12.2009 www.inedito.es/informacion

Enorme expectación ante a chegada dos Bruni a España
NICOLAS, NA SUA VIAXE, FIXO GALA DO SEU DISCRETO ENCANTO, CON ESE «TOQUE SARKOZY» TAN ELEGANTE, TAN SOFISTICADO E TAN CHIC



RECIBIRONOS EN EXCLUSIVA NO PALACIO DA ALVORADA
TODO SOBRE A VIDA DO MATRIMONIO ROCCO

LUZ INACIO WILA, dixonos: «Marisa namorolome pola súa elegancia e a súa nobreza. Faime moi feliz e, sobre todo, faime rir moito»



SON SOLES ESPINOSA E JOSE LUIS, RECIBIRON AOS ROCCO EN QUINTOS DE MOURA. MARISA LETICIA MOSTROUSE MOI INTERESADA POLA FLORA TOLEDANA

María Alves da Silva, combina a docencia coa súa participación en actos institucionais

ANIBAL, DURANTE A ENTREVISTA, DIXONOS: «ACOMPÁNAME CANDO PODEE, PERO CANDO ESTA AO MEU LADO, ADICAME TODO O SEU TEMPO»



SEBASTIÁN DE PALA 14

Diario Noticias **A NOSA TERRA** 2009 MAGAZINE.37.

Mar Caldas
 Artista visual - como que sempre a fotografamos en vivo e en directo. É profesora no Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

INEDITO
 «O MUNDO PATAS ARRIBA»
 Visita a Londres de MAR CALDAS

Primeira visita a Londres tras contraer matrimonio
NICOLAS: «POR SUPOSTO QUE QUERO TER UNHA FAMILIA. DE NENO SOÑABA CON QUE, A ESTA IDADE, XA TERIA BEBES, PERO A VIDA VEN COMO VEN»



CAMPANA ELECTORAL EN EEUU
MICHELLE LAVAUGHN ROBINSON PRONUNCIOU UN DISCURSO QUE O SEU FLAMANTE MARIDO SEGUIU ATENTAMENTE

Renewing America's Promise
 WWW.PIC2009.ORG

Especial situación española
SON SOLES ESPINOSA, VOTANDO, SEGUIA O SEU ESPOSO, JOSE LUIS, QUE DESTACOU CUNHA FAVORECEDORA CAMISETA BRANCA E O XERSEI AZUL. MARINO QUE XA LUCIRA NO PALACIO DA MONCLOA

TRAS O FRACASO ELECTORAL, MARIANO VAISE INCORPORANDO A AXENDA LABORAL DE ELVIRA FERNANDEZ E EMPREGASE EN SER UN BO MARIDO, NO AXON, CON TODA MATERIALIDADE, AFIXA DOCEMENTE A SUA CABEZA SOBRE O OMBREIRO DA SÚA MULLER



SEBASTIÁN DE PALA 10

Mar Caldas

O mundo patas arriba
 [da sección "Inédito", A Nosa Terra], 2009

Colaxe dixital
 Cortesía da artista



NO TE PIERDAS

Arte Exposición: «Além dos xéneros»

Una coruñesa en el «espacio» del Marco

La artista Rita Rodríguez revisa una de las obras icónicas de Klein en una exposición en Vigo

Ló que está leyendo forma parte de una obra de arte. Más bem, lo será cuando la artista Rita Rodríguez (La Coruña, 1962) inaugure esta publicación en el traballo que exponerá en el Marco de Vigo dentro da mostra colectiva Máis allá de los xéneros. Prácticas artísticas feministas en Galicia desde los noventa, que se inaugurarán el próximo 20 de maio. Sobre un repaso a la historia, no campo de crítica e de lamanda da reflexión, sobre o traballo de Yves Klein (1928-Paris, 1962), quien tal día como hoy, en 1962, en el periódico Dimanche, publicó Saut dans le Vide, un salto al vacío que no día de 449 una fotocopión en la que algúns críticos xulgaron que se parecían a lo que a cámara espacial, de modo en anos. Es por iso por lo

que vivió el título. Un hombre en el espacio, que Rodríguez copia, en su caso, en versión femenina siendo la protagonista de la imagen, como lo fue el creador pero de la mujer. Como eslabón unidológico que conecta, puntualiza esta artista y docente coruñesa sobre la elección de esta pintura, que es una actualización de una obra con la que Klein quiso superar los límites de la fotografía para que fuese contemplada como un

todo don el soporte en el que se vio e copiou. La noticia de la obra de arte como arte en el mismo en lo que buscamos reproducir.

Rita Rodríguez aprovecha esta reproducción, realizada con el telón de fondo del Datas coruñés de Vigo, para incorporar una imagen icónica del artista francés, un autor reconocido por su aportación al arte con la creación de azul ultramarino, que lleva su nombre, pero también

los polémicos por el uso que hizo de las mujeres para plasmar sus emociones, dentro de un perfil curioso profesional centrado en la búsqueda del espectador y el espectador como modo de expresión. «Quiero establecer un paralelismo con este artista, colocado e mal controlado por sí misma, va que fue su famosa intervención, desde su concepción en blanco, lo algo involucrado más. A vez, también vivió críticas por usarlo como su modelo artístico, como la artista coruñesa. La artista reflexiona su propio salto al vacío, en una exposición al pinxado alente de Vigo, que pretende cubrir a los modelos con pintura para desmenuzarse por el hueco dentro de un vacío artístico en el que defendió la performance y que la ayudaron a incrementar su fama. Klein será considerado como uno de los creadores más importantes del siglo pasado, pese a una corta trayectoria, que se truncó debido a un ataque

Dolores Vázquez / dovoresvazquez@nove.com



El salto al vacío, de Rita Rodríguez.

al corazón con solo 34 años. Esta reproducción en Datas Vigo, especializada también en el cómic como arte de acción y documentado en Estaluz, pretende ofrecer una revisión del concepto de mujer en el arte a través de un referente en la creación del siglo XX, que la definió como heroína de una manera nove-

losa y al mismo tiempo polémica. La obra de Klein fue publicada en el suplemento dominical y la de Rodríguez en otro informativo, que permitieron dialogar en el Marco dentro de una exposición colectiva, comisariada por Anxela Carreira y en la que participaron otros 49 artistas.

Rita Rodríguez

Salto ao baleiro, 2016

Fotografía e xornal (La Voz de Galicia)

Cortesía da artista



Ana Gesto

Nin unha menos [da serie Fotoaccións], 2015

Fotografía
Cortesía de Jesús María Alonso

Cando sexa grande quero ser coma ti.
Acción homenaxe a Esther Ferrer
[da serie Fotoaccións], 2013

Fotografía
Cortesía da artista

Símbolo da felicidade [da serie Fotoaccións], 2012

Fotografía
Cortesía da artista



Ada Gudi
Una donna in un'aula di una casa
1911
Olio, 100x150 cm

Ada Gudi
Una donna in un'aula di una casa
1911
Olio, 100x150 cm

Ada Gudi
Una donna in un'aula di una casa
1911
Olio, 100x150 cm







A instalación Cabana Vermella está inspirada nas Cabanas lunares ou Tendas vermellas nas que, dende a antigüidade, se reúnen as mulleres. Son íntimos espazos de cuidado, destinados a femineidade sagrada e a espiritualidade.

A Cabana Vermella é unha das pezas principais de Mulleres en Círculo, un proxecto de investigación e experimentación artística que versa sobre as formas de creación que se dan nos círculos de mulleres, iniciado en marzo de 2014 pola ouresá Reme Remedios.

O vídeo 'Rituais na Cabana Vermella', editado por Alberto Bidarra e Reme Remedios, recolle, de forma improvisada, as accións rituais propostas polas mulleres que participaron na exposición 'Mulleres en Círculo - Cabana Vermella' na Universidade de Santiago de Compostela no ano 2016. Comisariada por Clara Rodríguez Cordeiro, participaron: Eva María Agra. Ana Pillado. Reina D'ohore. Graciela Franco. Iria Fernández. Isabel Alonso. Neves Seara. Liana Vella. Alba Fandiño. Andrea Barreiro. Ana Gil. María Xosé Domínguez. Desiree Vidal. Paula Pintos. Clara Rodríguez Cordeiro. Reme Remedios.

A tea vermella foi bordada nun dos encontros 'Círculo de mulleres' por: Cristina Montero. Enriqueta Pérez. Isabel García. Sandra Donaire. Marta Vivaracho.

Reme Remedios

Reme Remedios

Cabana Vermella, 2017

Instalación
Cortesía da artista

Rituais na Cabana Vermella, 2017

Vídeo, 19'
Cortesía da artista



Colectivo LAG
[Ana Corujo e Lara Buyo]

Branco fácil, 2014

Videoinstalación 60'
Cortesía das artistas

Mar Caldas

Quando estiver cheio faça favor
de mo mudar [da serie Guarda-roupa]

1996-1997 / 2016

Fotografia
Cortesia da artista



Carmen Llonín

Intemperie, 2015

Fotografia
Cortesia da artista

Celeste Garrido

Prisión I [da serie Nupcial], 2003

Ensamblaxe escultórica (corda e figura)

Cortesía da artista

Á dereita:


Tortura feminina [da serie Pesadelos], 2010

Ensamblaxe escultórica

(pétalos de rosa, espiñas, plástico e xeso)

Cortesía da artista





Celeste Garrido

Prisión III e IV [da serie Nupcial], 2005

Pasteis sobre papel

Cortesía da artista



Sara Sapetti

Sen título [das series Os praceres de Lola e Miss Proper], 2004 e 2006

Fotografía

Cortesía da artista

Mar Ramón

Refuxio a partir de tendal, 2016

Instalación

Cortesía da artista











Identificarse, recoñecerse idéntico a algo, é unha tarefa que non só se dirixe a unha aparencia, senón que se refire a esa parte da identidade que podemos chamar performativa, e que se vai conformando como un discurso sobre un mesmo. É esta problemática a que máis me interesa, a que fai referencia a esa historia que contan as formas coas que acostumamos identificarnos. Gustaríame explorar un lugar que posibilite unha crítica da representación, saídas relacionais a unha definición pechada da identidade, un lugar que podería estar do lado do espectador.

O único modo de mostrar a multiplicidade da identidade é abrir a súa forma.

A silenciosa forma da ambigüidade pode servirmos como ferramenta, dando abeiro a outros nomes que non teñen nome. Entendendo a aparencia como unha forma en baleiro, unha figuración, non como a resposta á cuestión da identidade. Pero, como abrir a forma, desligar eses significados sedimentados na forma?

As imaxes da identidade que queremos mostrar parten dunha forma rota, e que superou a vella enfermidade que denunciaba a psicanálise. Unha denuncia, por outra parte, que afogaba a crítica. En palabras de Deleuze, “o desexo é revolucionario porque sempre quere máis conexións e máis axenciamentos. Pero a psicanálise corta e apisoa todas as conexións, todos os axenciamentos. A psicanálise odia o desexo, odia a política”.

A proposta formal da nosa crítica pódese ver na idea dunha deconstrución da realidade, unha desnaturalización de cuestións que agora se descubren construídas. Proponse unha revisión dos xéneros, traballar dentro de estruturas xa establecidas que se abren a momentos de diferentes recepcións. Desviamos o centro de interese cara á fantasía. A fantasía como o lugar da posta en escena do desexo (a multiplicidade de perspectivas que se ofrecen, desde esta obra ambigua, queren ser expresión dunha simultaneidade na presentación das cousas,



Carme Nogueira

Ceñida, 2000

Fotografía e publicación
Cortesía da artista

como un modo de mostrar cuestións que son simultáneas pero que non acostumamos a ver ao mesmo tempo. Deste xeito, podemos intuír unha mesma intención de abrir a obra a novos puntos de vista, interpretacións, elementos que en ocasións se contradín). Neste senso, esta ampliación significativa puidese verse cuestionada. Pode ser a apertura significativa?

A tese é afirmativa. Porque a realidade maniféstase xustamente por planos independentes de senso, moitas veces contrapostos. Non é a existencia previa dunha orde, senón a necesidade de facer significativo, o que fai que atopemos unha orde no que vemos.

As imaxes presentadas son formalizadas de tal xeito que semellan alleas, descóbrense contraditorias. Unha formalización que detén a transmisión do modelo, que o ofrece en toda a súa realidade, como algo artificial. Non se trata dunha crítica como podería ser a do feminismo dos sesenta, propoñendo unha certa verdade detrás, un

comportamento correcto. Máis ben, tratase do contrario, de ofrecer unha crise, como amosando que o modelo está baleiro, que creceu independentemente da súa forma.

Esta ambigüidade non esconde a ausencia de contido, senón un espazo habitable. Quero propor ese pequeno espazo como o da acción. Non instituíndo a un mesmo, senón sendo, recoñecéndose en patróns abertos, configuracións que intentan provocar o discurso, facer falar o contexto. Non limitando, senón proliferando.

Deste xeito, unha imaxe pode abrir o espazo do contexto, sinalando as súas fracturas, os lugares de discontinuidade que fan do común algo estraño, que aquilo que parece estar preto do silencio, por simular un discurso repetido, establecido, sexa en realidade a pedra que interrompe o camiño, a chamada de atención que nos fai mirar cara a dentro, na procura dunha definición que se tornou distante.

Carme Nogueira



Mar Caldas

Cautiverio, 1996 -1997

Fotografía

Colección privada

Neves Seara

Que lindo pelo..., 2004

Fotografia

Cortesia da artista





Xisela Franco
Via láctea, 2013
Videoinstalación, 4”
Cortesía da artista







Sonia Tourón

Acción como picto-escultura feminista
[do proxecto Des_adaptándome:
a voltas coa arte], 2007

Fotografía
Cortesía da artista



A voltas coa peana [do proxecto
Des_adaptándome: a voltas coa arte],
2007

Video, 7'
Cortesía da artista



Laura Piñeiro

150 m. de Penélope - Homenaxe a Lee Krasner, 2006

Fio sobre tecido
Cortesía da artista



Laura Piñeiro

Bioloxía é destino, 2007

Bastidor intervido con tea, puntillas e fio
Cortesía da artista

Abaixo:

Un sexo chamado débil, 2012

Novela homónima intervida
Cortesía da artista





Gema López




A orixe do meu mundo, 2014

Acuarela sobre papel
Cortesía da artista

À dereita:

Dereitos, 2014

Óleo, sangue e fotografía sobre lona
Cortesía da artista





Mar Caldas

Se você me abrir, não se esqueça
de me fechar [da serie Guarda-roupa],
1996 - 1997 / 2016

Fotografia
Cortesia da artista



Carmen Llonín

Muller, mar, memoria, 2014

Fotografía

Cortesía da artista




Andrea Costas

Tempo ao tempo, 2002

Fotografia

Cortesia da artista



Mery Pais

Detrás do veo, 2014

Video, 9' 26"

Cortesía da artista

Detrás do veo II, 2016

Instalación (fotografía, contrato
e caixa con fotografía)

Cortesía da artista



CONTIENE IMÁGENES
SIN VELO





Chelo Matesanz

O que Lee Krasner podía ter feito...
pero non fixo, 2001

Debuxo e tinta sobre papel
Impresión offset
Cortesía da artista









Chelo Matesanz

Marlene, 2016

Cerámica policromada e labor de gancho
Cortesía da artista

Marilyn, 2016

Cerámica policromada e labor de gancho
Cortesía da artista

Carme Nogueira

Oh muller, muller [da serie La Citoyenneté.
O centro en desprazamento], 2013

Video, 1' 20"

Publicación

Cortesía da artista





Carolina Cruz Guimarey

Un eco que resiste, 2012

Transferencias sobre paños

Cortesía da artista

Levons-nous (Levantémonos)

O himno das mulleres

Nous, qui sommes sans passé les femmes,
nous qui n'avons pas d'histoire,
depuis la nuit des temps, les femmes,
nous sommes le continent noir.

(refrain :

Levons-nous, femmes esclaves
Et brisons nos entraves,
Debout! Debout!

Asservies, humiliées, les femmes
Achetées, vendues, violées;
Dans toutes les maisons, les femmes,
Hors du monde reléguées

(refrain)

Seules dans notre malheur, les femmes
L'une de l'autre ignorée,
Ils nous ont divisées, les femmes,
Et de nos sœurs séparées.

(refrain)

Reconnaissons-nous, les femmes,
Parlons-nous, regardons-nous,
Ensemble on nous opprime, les femmes,
Ensemble révoltons-nous.

(refrain)

Le temps de la colère, les femmes
Notre temps est arrivé
Connaissons notre force, les femmes
Découvrons-nous des milliers.

Nós, que non temos pasado, as mulleres,
nós que non temos historia,
Desde tempos inmemoriais, as mulleres,
somos o continente negro.

(refrán):

Levantémonos, mulleres escravas
E rompamos as nosas barreiras,
Arriba! Arriba!

Subxugadas, humilladas, as mulleres
Compradas, vendidas, violadas;
En todas as casas, as mulleres,
Relegadas do mundo

(refrán)


Soas na nosa desgraza, as mulleres,
Ignoradas unhas polas outras, dividíronnos,
mulleres,
E das nosas irmás separáronnos.

(refrán)

Recoñezámonos, mulleres,
Falémonos, mirémonos,
Xuntas oprímennos, mulleres,
Xuntas rebelémonos.

(refrán)

Os tempos da ira, mulleres,
O noso tempo chegou,
Coñezamos a nosa forza, mulleres,
Descubramos que somos miles.



Transferencias sobre panos
Cortesia da artista
© Zona "C". Concello de Santiago de Compostela

Carolina Cruz Guimarey

Levons-Nous (O himno das mulleres), 2014

Transferencias sobre panos

Cortesia da artista

© Zona "C". Concello de Santiago de Compostela



Notre temps est arrivé






Rebeca Lar

Burn, Witch, Burn! (Arde, bruxa, arde!), 2015

Debuxo dixital sobre papel

Cortesía da artista





Estudo termográfico

A escada pública: o estudo da distancia erótica no espazo público fica cinguido á escada, localización idónea dada a súa particular cualidades como espazo de tránsito e polo tanto de comunicación. A estrutura deseñada humanízase na contorna orgánica, onde tamén se relaxan e naturalizan os comportamentos. A circunstancia pública amplía novas perspectivas de contacto, experimentación e intercambio sensorial e sensual, con transeúntes anónimos e alleos ao noso cotiá, alongando as lóxicas que comprenden a escada e as prácticas que a ésta lle corresponden.





Zona Quente (sectores vermelhos)

Incidencia erótica elevada, marxes e medidas propiciadoras de encontros e envoltamentos quentes. A distancia íntima sobrepásase e a temperatura sobe, accedendo a unha outra esfera de intimidade, onde sensacións e afectos se partillan. O paso doado ao seguinte estribo permite ceivar a nosa atención cara unha reciprocidade particular: cálida, arroutada, sutil ou interna.

Zona Doente (sector negro)

Unha segunda escenografía superposta obriga a asumir doutro xeito a escada. Novamente se teima nas distancias coas que se regra o diálogo, tépedo e hiper consciente agora, grazas ao esforzo requerido nun trazado falto de conforto. Os instintos non se liberan e avanzamos adoecidas nun eido esixente e acaparador. A armazón proxecta a necesidade de implicarse na postura para ocupar o banzo artificioso e premeditadamente ortopédico, case enfermo: ritualizar o aceno morno, repetir o xesto como lle é propio ao exercicio da escada, esaxerar a actitude por imperativo constructivo... En definitiva, focalizar azos para salvar un espazo que se impón e consegue perturbar e reconducir folgos e desexos, frustrando de xeito case perverso o devir erótico-comunicativo.



Tirado do orixinal *The Story Behind*

The Story Behind

Fanzine, 2013

Editora: María Ozámiz



Participantes: Mónica Cabo + Alba Marinha, Isabel Brisón + Anxela Caramés, Carne Nogueira + Esther Espejo, Inma Herrera + Ania González

Cortesía da editora María Ozámiz



Minima: 52 cm | Máxima: 416 cm
2 esc 16 esc





María Ruido

A voz humana, 1997

Vídeo, 7' 40"

Colección MACBA, Fundación MACBA

Cronología, 1998

Vídeo, 9'

Colección MACBA, Fundación MACBA





Carme Nogueira. *25 minutos 55 segundos diarios*



Cristian Gradín. *Tan belo como...*



Lara Bacelo. *The Another Addiction*



Lara Bacelo. *Varona, parirás con dor*

SESIÓN DE VÍDEOS FEMINISMOS



Ana Gesto. *Gallarda*

Carme Nogueira

25 minutos 55 segundos diarios, 2003

4' 55"

Lara Bacelo

The Another Addiction, 2012

12' 22"

Neves Seara

Sempre que queira, 2006

5' 09"

Cristian Gradín

Tan belo como..., 2004

1' 38"



María Martcorena. *Asubiando os meus tormentos*

Ana Gesto

Gallarda, 2013

3' 25"

Lara Bacelo

Varona, parirás con dor, 2009

5'

María Martcorena

Asubiando os meus tormentos, 2009

12'



Neves Seara. *Sempre que queira*



Claudia Brenlla. *Bata por fóra (muller por dentro)*



Xoán Anleo e Uqui Permui. *Asuntos internos*



Uqui Permui. *Doli, doli, doli... coas conserveiras*

SESIÓN DE VÍDEOS MULLER E TRABALLO*

Claudia Brenlla

Bata por fóra (muller por dentro), 2008

17' 50''

Xisela Franco

Cruz Piñón, 2014

13' 17''



María Ruido. *Tempo real*

Xoán Anleo e Uqui Permui

Asuntos internos, 2006-2007

22' 40''

María Ruido

Tempo real, 2003

42' 30''

Uqui Permui

Doli, doli, doli... coas conserveiras.

Rexistro de traballo, 2011

56' 53''

[*] En itinerancia, este ciclo programouse en relación coa exposición *Women in Work. Mujer, Arte y Trabajo en la globalización*, comisariada por Mau Monleón, na Sala de Exposicións da Universitat Politècnica de València (8 marzo / maio 2017) e na Galería Octubre da Universitat Jaume I de Castelló (26 outubro / 22 decembro 2017).



Xisela Franco. *Cruz Piñón*





Luz Darriba

Eficiencia comprobada, 2006

Fotografía e colaxe dixital

Cortesía da artista



FAI FALTA OUTRA LEI DE
ABORTO.
LIBRE,
GRATUITO,
 NA SANIDADE PÚBLICA

A DECISION DA MULLER

MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO

25N
IMPLICATE!
 LUTA CONTRA
 A VIOLENCIA MACHISTA.
 RACHA O A INFERENZA.

MANIFESTARSE CONTRA AS VIOLACIÓNS
 E UN DEREITO E UN DEBER.
 NON UN DELITO

NON AO XEIRO
 DAS MULLERES

CONCENTRACION DIANTE DO XUDICADO
 O DIA 21 DE DECEMBO (XOVES)

MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO

Asociación Galega da Muller
 do 14 ao 19 DE DECEMBO

organiza uns cursos de
AUTODEFENSA

Grupos de 25 mulleres

A: de 12 a 14 h.
 B: de 16.45 a 18.45h.

Mulleres

prezo: 2.000 pts.

inscricións e reservas
 98 81 91 01
 98 81 91 01
 Av. do Vilar 23 2º Esq.
 15101 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A VIOLENCIA MACHISTA NON TEN IDADE
 (ERRAQUÍPOLA)

30E - 30F - Vigo
 30 de Novembro - TABOLA DE OBRAS - MANIFESTACIÓN

28
 DE XUÑO:
 DIA DE
 LIBERACIÓN
 GAI
 E LESBIANA

LIBERACIÓN
 DE
 MAG
 REITOS

LES

que non

GRUPOS DE
 do Movemento F

GRUPOS DE
 do Movemento F

MANIFESTACIÓN





paremos o feminicídio

VOTA machos

Nena: Eles sabem o que é bom para ti!

SÁBADO 06 de MARÇO

todo o dia mural feminista
a partir das 21:00 ceador a cultura pre_o(k)upa
à noite festa da mulher!
DJ Jane + VJ Jane

CSA. ATHEU*

A no feminicídio sempre todos os dias...
É hora de libertar-nos de...
há um mundo que não...
é preciso a não ser como...
que não é a P e a e...
2000 e 2000...
primeira com o...
patriarcal...
há um mundo que não...
é preciso a não ser como...
que não é a P e a e...
2000 e 2000...
primeira com o...
patriarcal...
há um mundo que não...
é preciso a não ser como...
que não é a P e a e...
2000 e 2000...
primeira com o...
patriarcal...

8 DE MARÇO-90

que não se quidem Cortiço Monte com nós

MANIFESTAÇÃO

CHIMPAR COM O ARMÁRIO!

PODEU SEM SER BIZUAL, BIZUOSOS...
ESTÁ CHEIO DE VANTAGENS

EXPOSIÇÃO

MUSEU DA TORTURA CONTRA AS MULHERES

PARTECIPAÇÃO MODERNA - Séculos XX-XXI

Por primeira vez se Calicut Carvalho 1 de Abril

GNU-Linux para mulheres e lesbianas

Mostra a possibilidade de...
Data: martes 23h, hora 18h, lugar: CS Atrio, 1º Sam José, 2 - 100 de Chap

POR QUÉ NO TE CASAS !?

ESPAÑA

XQ NOM VAMOS DE PRINCESAS !!

ESPAÑA

DIA 15 19 H DESPEDIDA DE CASADA





ARADAINA ♀

REVISTA DO MOVEMENTO FEMINISTA · GALICIA · MARZO · 83 · Nº 1

8 de MARZO
DIA INTERNACIONAL
DA MULLER



ARADAINA ♀

REVISTA DO MOVEMENTO FEMINISTA · GALICIA · MAIO · 83 · Nº 2



IGUALDADE

Asociación Galega de Muller
Colectivo de Mulleres Ensinantes "As Rosas ou Violetas"
Comisión da Muller de Galiza Nova
Mulleres de OXI
Grupos de Mulleres de Universidade
Mulleres Nacionalistas Galegas
Mulleres Xúvenas Airo
Secretaría da Muller de CC.OO.
Secretaría da Muller do CGO

MANIFESTACIÓN Día 8 de Marzo de 1995, ás 21h. na praza do Toral

Arquivo AGM-Andaina (Nanina Santos Castroviejo).
Exemplares de *Andaina* e material procedente de
diversas campañas feministas promovidas por AGM
entre 1975 e 1990.

ANDAINA

REVISTA DO MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO

Maio 2011 - Número 7 - 196€ - Prezo: 200 Ptas



AS MULLERES GALEGAS

ANDAINA

REVISTA DO MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO N.º 17 marzo 1988 Prezo: 200 Ptas



DE MARZO

1977-1989

ANDAINA

REVISTA DO MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO n.º 24 © Xullo 1991 Prezo: 200 ptas

Por que non duas nais?!



AS MENINAS BOAS VAN AO CEO

E AS MAS

VAN A TODAS PARTES

ASOCIACION GALEGA DA MULLER

AQUÍ TES UNHA PODEROSA ARMA FEMINISTA. ÚSAA CON XEITO!

Con este lapis na man podo facer nun segundo que a miña man exprese as mellores ideas do mundo

andaina

Este lapis está garantido. En caso de reclamación ou mal funcionamento acúda á súa concenancia.



HOXE XA:

- Igualdade ante a ley do home e da muller.
- Dereito a ser donas do noso corpo.

BONO DE AXUDA



SEXUALIDADE FEMENINA

ASOCIACION GALEGA DA MULLER
MOVIMENTO DEMOCRÁTICO DE MULLERES DE GALICIA

**o amor é cego...
pero compré que ti vexas
claro**

**non renuncies á túa
liberdade como muller
ningún embarazo non desexado**

A.G.M.



El Parlamento de Galicia se opone a que la vigente ley sobre el aborto sea modificada

Un grupo de feministas gallegas desfilou un proxecto en el Parlamento galego para impedir se modifique a lei do aborto, medida que se pretende adoptar despois de un referendo celebrado en setembro pasado. Varios grupos de mulleres de distintos colectivos aglutinaron as súas bandeiras na manifestación do Parlamento, dando a Galicia un sinal claro.

Los diputados del Bloque criticaron la actuación de los señores del orden. - Página 21

La despenalización del aborto: 84 votos en contra y 7 a favor.

Abortistas viguesas se ratifican en su acción ante el Juzgado

**El movimiento gallego
nace el 23/1/86**

Arquivo AGM-Andaina (Nanina Santos Castroviejo).
Fotografías, pasquins, manifestos, adhesivos, cartaces,
dipticos informativos e recortes de prensa, 1975 e 1990.

A Asociación Galega da Muller foi unha organización feminista que se fundou en 1976 que englobaba diferentes colectivos, sobre todo da provincia da Coruña. Ocupáronse de cuestións fundamentais para a liberdade das mulleres: o aborto, a sexualidade, o uso de anticonceptivos, o lesbianismo, o divorcio, a loita contra a violencia e as agresións machistas, ou a defensa dos dereitos laborais das traballadoras. En 1983 xurde *Andaina*, revista do movemento feminista de Galicia, ligada a AGM e dirixida por Nanina Santos ata 1991.



Acción do grupo *Galiata* no peche da manifestación do 8 de marzo, 1985 na Coruña, convocada pola Coordinadora de Organizacións Feminista.

Arquivo AGM-Andaina
Cortesía de Nanina Santos Castroviejo



Fotografía de acción internacional en A Guarda: manta colaborativa elaborada por mulleres, 2005

Abaixo:

Fotografía de acción con pendón feminista en Vigo, 2007

Dereita:

Fotografías da acción en escaparates de tendas de roupa feminina.

Cortesía Arquivo da Marcha Mundial das Mulleres





Arquivo MMM (Marcha Mundial das Mulleres) de Vigo. Material procedente de diversas campañas feministas promovidas por MMM fundamentalmente en Vigo, pero tamén en Santiago de Compostela, entre o ano 2000 e 2015: fotografías, pasquíns, manifestos, marcapáxinas, adhesivos, chapas, panos, cartaces e dípticos informativos.

A Marcha Mundial das Mulleres é unha plataforma feminista activa desde finais dos noventa, que traballa en rede –a nivel internacional– con diferentes colectivos. Realizan accións concretas, manifestacións ou actividades de empoderamento das mulleres, xunto con mostras expositivas de creadoras, intervencións artísticas na rúa



e traballos creados de forma colectiva, como mantas e murais. Desenvolveron campañas antimilitaristas, a favor da igualdade de dereitos entre mulleres e homes, en contra das violencias machistas, a prol do aborto e tamén teñen contribuído á visibilización dos colectivos LGTB.



Revista *Festa da Palabra Silenciada*
(Arquivo María Xosé Queizán)

Exemplares de *Festa da Palabra Silenciada*, revista feminista galega dirixida por María Xosé Queizán e orientada cara a cuestións culturais, fundamentalmente relativas á creación artística e a escrita realizadas por mulleres desde a súa creación en 1992 ata o 2013.

ALABRA



patriarcal

Publicación Galega Feminista
Galicia, 2008

FESTA DA PALABRA

SILENCIADA




VIOLENCIA

23

Publicación Galega Feminista
Galicia, 2007

FESTA DA PALABRA

ABOLICIÓN!



Publicación Galega Feminista
Galicia, 2002

17

FESTA DA PALABRA

SILENCIADA



11

AS NOVÍSIMAS
PINTORAS GALEGAS

Publicación Galega de mulleres
Galicia, 1995

A andaina de *Andaina*: Revista Galega de Pensamento Feminista (1983-2018)

Nanina Santos Castroviejo

Nacemos nunha sociedade, a galega de 1982-1983, que experimentaba un sistema democrático, logo de tanta represión e silencio en todas as ordes da vida. Unha represión que alcanzaba de xeito fondo a sexualidade, o amor, o desexo, as relacións entre os sexos, o papel das mulleres na sociedade.

Desa lousa esmagadora naceu en tantas de nós o desexo de liberdade e de liberación e unímonos para expresar a rabia e a rebeldía alentando a escribir, a elaborar pensamento, a difundir ideas e a denunciar unha sociedade construída sobre o traballo silencioso e silenciado das mulleres. Para conquistar a metade do ceo, para acadar, ademais do pan, tamén as rosas, ou para ser consideradas, e considerarnos a nós propias, seres valiosos e capaces.

Os primeiros números de *Andaina*, xunto con *A Saia* (pioneira e de curta traxectoria) e *Festa da Palabra Silenciada* (que xurdía tamén no ano 1983), en canto revistas feministas, figuran nun artigo de Carmen Blanco, no catálogo *O lado da sombra: Sedición [con s] gráfica e iniciativas ignoradas, raras ou desacreditadas entre 1971 e 1989*, catálogo dunha exposición que tivo lugar na Fundación Luís Seoane, na Coruña en 2005. O responsable daquel proxecto, Anxo Rabuñal Rey, comenta no limiar:

«Quizais sexa ocasión de falar un pouco da contracultura. *Underground* significa a existencia dun tecido social, dun urdido de persoas que, por canles non comerciais ou alternativas de distribución, poñen en circulación produtos culturais non convencionais.

[...]

As revistas autoeditadas foron un medio de expresión de maneiras de pensar e actuar, un medio de autoafirmación persoal e de grupo, e un completo instrumento ideolóxico e organizativo que podemos ler como un arquivo. A revista tivo unha utilización como espazo autónomo de creación, onde se axuntaba o que fose cun criterio editorial de afinidade estética ou estilo de vida. A difusión era tan reducida como a tiraxe, unhas dúcias ou centos de exemplares. Ás veces as colaboracións eran anónimas. Ou asinábanse colectivamente, ou con pseudónimo, ou só con nome de pía. Mesturábanse nun mesmo nivel poemas, relatos, opinións, debuxos ou colaxes, sen estratificar a lectura. No nivel gráfico, o deseño é a base de retrincos colados ou fotocopiados, ás veces sobre papel de cor, e incorporan elementos decorativos extraídos da vida cotiá entre cursi e *punk*, segundo os casos».

(Laura GÓMEZ LORENZO, intervención en Sargadelos de Compostela, o 16 de maio de 2008, co gallo dos 25 anos de *Andaina*).

Ás máis aventuradas nin nos pasaba pola cabeza que chegaríamos ata aquí e que o percorrido fose o que finalmente foi, mesmo con cambios importantes na súa concepción e deseño.

Esta revista acompañounos longamente, remando á contra da corrente: feita por mulleres, en galego e cunha mirada de gorgona ás relacións sociais baseadas na supremacía do masculino e na submisión do feminino. Pasou da infancia á madurez sen contar con apoios institucionais (fóra de episodios efémeros das concellarias da Muller de Vigo e Compostela) nin subvencións, gozando dunha autonomía envexable, sen ataduras.

Unha publicación que pulou pola voz das mulleres e pola súa capacidade para dicir. Ás veces orgullosa, soberbia e pretenciosa, ás veces modesta e humilde, pelexando contra o propio sectarismo e sempre comprometida coa loita de liberación das mulleres.

Demostrou que mulleres, a mancheas, escribían coa maior das competencias desta ou daquela cuestión, deixando nús as persoas teimudas en defender que, se as revistas culturais, academias, institucións científicas sociais e culturais, programas de debate nos medios de comunicación e organismos de representación política estaban sempre cheos de varóns, era porque elas non querían ou non había mulleres para convidar.

Nesa *Andaina* poden encontrarse artigos de autoría feminina de astronomía, matemáticas, literatura, filosofía, antropoloxía, historia, biografías, música, pintura, cine, dereitos humanos, sindicalismo, xeografía humana, economía, socioloxía, etc. Elas están e son, só facía falta querer e poñer o foco sobre o empeño da nosa cultura en silencialas e ocultalas.

Un repaso demorado polas páxinas de *Andaina* (cuestión absolutamente obrigada para calquera persoa que queira achegarse á historia do feminismo galego) evidencia este aserto.

Son moitas as autoras que colaboraron na revista (escritos, debuxos, fotografías, correccións, maquetas...), sempre sen ningunha compensación crematística. Unhas de renome e outras anónimas. Todas importantes, igualmente importantes, sen esquecer as persoas subscritoras e as lectoras.

Do punto de vista do deseño, *Andaina* é un produto coidado, limpo, claro. As súas capas, tamén nas mans de Uqui Permui desde o número 11 da revista na primeira etapa (marzo de 1987), dan fe, ao tempo, de temas de actualidade ou do máis destacado da revista e da evolución artística da deseñadora.

Outras deseñadoras, fotógrafas ou artistas deixaron algunhas pegadas: Elena Cores, Maica Novoa, Ana Gloria Blanco, Aurichu Pereira, Nana Coromoto, Mónica Couso, Montse Amigo.

Conseguir que haxa quen me regale tempo e dedicación para seguir saíndo, buscar en cada número quen me conte cousas interesantes, arriscarme con opinións e temas, moitas veces a contracorrente das posicións maioritarias nos medios, nas institucións ou no propio feminismo, sobrevivir sen apenas publicidade nin subvencións... e ademais estar guapa e coidada, require, máis que calquera outra cousa, o convencemento de que o esforzo merece a pena.

(Ana ARELLANO, panel de exposición, Lugo, 2007)

En todos estes anos, houbo imponentes avances feministas: na conciencia das mulleres e na xeral da sociedade; en leis que bateron na desigualdade e nas discriminacións; na ampliación das oportunidades profesionais e vitais para as mulleres; na maior liberdade, sinaladamente a liberdade sexual e na visibilidade dos desaxustes entre uns e outras, e sabemos que as pequenas e modestas empresas colectivas, como esta *Andaina*, contribuíron un chisquiño a mellorar a sociedade e a mellorarnos a nós.

Tan prodixiosa aventura, que xa suma 35 anos, foi posible porque o alento feminista encheu de enerxía e de razóns aquelas mozas audaces e rebeldes que a botaran a andar e todas as que desde entón animaron, escribiron, leron, difundiron, subscribiron e apoiaron de calquera dos xeitos esta andaina, *Andaina*.

30 anos de *Festa da Palabra Silenciada* desde 1983

María Xosé Queizán

Como todas as iniciativas culturais, a *Festa da Palabra Silenciada* (FdPs), tivo o seu nacemento e a súa evolución. Tamén os conflitos ineludibles na súa longa marcha de 30 anos. Foi a publicación de FIGA (Feministas Independentes Galegas), que, loxicamente, tamén tivo as súas alteracións porque tivo vida. Sen dúbida, nestes casos, sempre hai alguén que mantén a certeza da influencia cultural e social que pode ter, e non só en Galicia, unha Asociación Feminista de índole radical, e unha publicación feminista que non só une literatura e pensamento, o propio e o universal, senón que conta coa persoa que ten o tesón e a perseveranza de facelo, como indicaron no seu traballo Camiño Noia, Mónica Bar e outras. Tocoume a min ese compromiso, e leveino a cabo, contra vento e marea, con sorrisos e bágoas, e coa axuda de colaboradoras importantes e indispensables desde o principio, como Sabela Mouriz, coordinadora nos primeiros números, así como Carmen Blanco, Ana Romani e outras. O orixinal deseño é de Margarita Ledo Andión. Non podo citar moitas, e non é por desleixo, senón pola brevidade necesaria. Pero aí está a revista para testemuñar un enorme traballo de mulleres, sen o cal a publicación non sería posible. Noutros momentos históricos foi relevante a colaboración de Amanda Álvarez ou de Camiño Noia, decisiva a de Mónica Bar, impulsora e traballadora da FdPs e doutras iniciativas culturais de FIGA, como os cursos de literatura, de cine, etc., con Manuela Pena, e moitas máis. Mención especial merece Marga Rodríguez Marcuño, que desde os primeiros números da revista comezou a encargarse da dirección lingüística e da tradución de textos. A súa ambición foi estipular un código lingüístico que nos definise, cunha infraestrutura adecuada e un soporte verbal coherente coa xustiza e igualdade da sociedade preconizada pola FdPs. “Ti a min non me nomeas, eu a ti non che voto”, escribe Marga. O seu traballo foi un éxito, e quen queira escribir nunha lingua non sexista, sen recorrer a enfatiadas repeticións, a as/os, a @, ou fórmulas semellantes, ten un modelo: a lingua da FdPs elaborada por Marga R. Marcuño.

Comezou no aspecto literario por destacar a obra de escritoras do pasado ou veteranas, e darlles unha plataforma onde escribir ás novas ou inéditas. As revistas galegas apenas contaban con algunha escritora. A FdPs foi un viveiro para multitude de creadoras, de poetas, ensaistas, articulistas e artistas. A cohabitación das poetas veteranas coas principiantes foi positiva para

ambas e conseguiu un novo canon poético, unha influencia xeral e a repercusión de novos temas, como a sexualidade na poesía, e etapas gloriosas.

Abrir canles de reflexión, debates, alumear espazos escuros, fisuras ou debilidades, dentro da ideoloxía feminista, con preguntas e máis preguntas, con máis puntos de vista desde dentro ou fóra do feminismo activo. Permitir unha festa das ideas para seguir falando de todo o que nos preocupa e que, ademais, favoreza o status das mulleres nas sociedades contemporáneas son reflexións de Mónica Bar nun artigo, no cal lle dá un lúcido repaso ao pensamento da revista, que leva por título unha frase de Madame de Staël: “As Luces só se curan con máis luces”. «Debemos engadir ao de “silenciada” a categoría de “senlleira”; así transitou ignorada polo panorama cultural galego, que solapou a súa existencia. Non se disimulou esta actitude de negación nin sequera a partir do ano 1998, co monográfico de “Arquitectura e Urbanismo”, en que as páxinas da *Festa* estaban abertas tamén a colaboracións masculinas. Nin por esas a FdPs deixou de ser un reduto minoritario convenientemente á marxe dos foros da elite galaica. Non sei como a cultura galega non se ruboriza ante este silencio indecente, quebrantado por algún crítico independente».

Ledicia Costas sinala o carácter pluralista e universal que tivo a revista coa colaboración de feministas españolas, europeas e americanas. Nada foi alleo á *Festa*; a ciencia, a arquitectura, todas as áreas que competen ás mulleres como cidadás do mundo. Se por algo se caracterizan as presentacións da FdPs é polos actos que sempre se celebran arredor da saída de cada número. Son moitos os escenarios que acolleron a FdPs. A Feira do Libro Feminista de Barcelona ou o Congreso sobre Rosalía de Castro son só algúns exemplos da súa intensa bagaxe. Ademais de por toda Galicia, a FdPs tivo espazos destacados no Estado español (Madrid, Euskadi, Barcelona) e tamén a escala europea, estando presente en lugares como na Universidade Libre de Berlín ou na Universidade de Trier (Alemaña).

Entre os escasos pero bos colaboradores da FdPs, cómpre aludir a Carlos Bernárdez, que, xunto con Paula Mariño, foron os principais comentaristas das artes plásticas na revista. Cada número contaba cun monográfico temático variado, desde o *Erotismo*, a *Ciencia*, a *Violencia* ou *O Rromipén*, sobre o pobo xitano, pero tamén era monográfico canto á persoa que ilustraba cada número, sempre de gran calidade e dando preferencia ás pintoras e ás recentes ou *As Novísimas*. É, daquela, extenso tamén o número de colaboracións no referente á arte plástica.

A Helena González a FdPs evócalle a instalación que fixo Judy Chicago situando un *Dinner Party* nunha mesa triangular, onde eran celebradas 39 mulleres, pioneiras no feminismo, na literatura e na historia. Tiven ocasión de

contemplala en Brooklyn, Nova York. Pois ben, Helena González afirma que a FdPs é un *Dinner Party* á galega. Tendo por obxectivo máis o presente, e o futuro, diría eu.

Remato esta breve ollada sobre a FdPs lamentando que ninguén quixese continuar o labor e utilizar a infraestrutura para iniciar novos camiños. Síntoo.

A gráfica feminista

Uqui Permui Martínez

A gráfica como expresión das ideas

O feminismo contemporáneo ten unha historia cargada de marcas e pintadas nas rúas que teñen como función comunicar, dun xeito rápido e directo, as súas mensaxes políticas. Estes *graffitis* son realizados, a maioría das veces, de maneira espontánea polas propias activistas. Malia seren gráficas bastante precarias, eran –e seguen a selo, en moitos casos– a única forma posible de facer visible e difundir unha mensaxe á marxe do discurso establecido; pódense considerar, daquela, armas de comunicación subversiva e, como tales, ilegais e anónimas.

Algo similar sucede coas pancartas e os carteis que se utilizan nas manifestacións, mesmo co propio corpo cando o empregamos como ferramenta política, aínda que, obviamente, é menos anónimo. En calquera caso, as gráficas que se usan teñen máis en común do que poderíamos pensar en principio.

Activismo gráfico

Desde os setenta, os movementos feministas, un dos colectivos sociais máis activos a nivel mundial, utilizaron todo tipo de ferramentas creativas para expresarse, na maioría dos casos de forma colaborativa e outorgándolle unha grande importancia ao proceso, tanto na creación de consignas como na produción, valéndose de técnicas como a colaxe e a fotomontaxe, que, ademais de seren técnicas doadas de desenvolver en colectividade, son claramente transgresoras; como sinala Raquel Pelta «socavan a pureza formal que desde as vangardas históricas dominou o deseño gráfico –e que atopou a súa máxima expresión na Escola Suíza–. Nese sentido, na gráfica feminista podemos encontrar propostas realmente sucias, moi próximas ás expresións do movemento *punk*»¹.

Así mesmo, Martha Scotford chámalles a estas gráficas *messy history* (historias desordenadas), como unha forma alternativa de comunicar, transgresora e diferente á convencional. Scotford, igual que Pelta, oponas ás historias pulcras, dominadas pola clase media heteronormativa e privilexiada. Tamén Sheila Levrant –deseñadora e investigadora– relaciona esta desorde cos traballos de *patchwork* realizados polas mulleres, considerándoos como

¹ Raquel Pelta, *Feminismo: una contribución crítica al diseño*. Monográfica, 2012.

un material de ensamblaxe de experiencias e fragmentos espazo-temporais, en contraste co racionalismo patriarcal, que desdeña o particular e persegue o universal².

Nesta liña podemos atopar traballos de varios grupos feministas, como as Chicago Women's Graphics Collective (CWGC), grupo fundado en 1970, e en activo ata 1983, que seguen a ser recoñecidas na actualidade como exemplo de feminismo, deseño social e activismo. O CWGC realizaba obradoiros de formación para as mulleres que se querían incorporar ao grupo, e os carteis e *slogans* creábanse, de forma colectiva, en encontros “onde a autocritica era fundamental para acadar resultados eficaces”³. Este colectivo empregaba diferentes técnicas, sendo especialmente interesante o tratamento tipográfico, como nos carteis *Women are not chicks* ou *Women working*⁴, nos cales utilizan suxestivas composicións tipográficas e *lettering*. O obradoiro pechou definitivamente en 1990.

Tamén o grupo londiniense See Rede Women's Workshop creaba os seus carteis de forma colectiva. O grupo foi fundado por tres ex-estudantes de arte en 1974. “Reunímonos a través dun anuncio colocado en *Red Rag*, unha revista feminista radical pedindo mulleres interesadas en formar un grupo para mirar e combater as imaxes negativas das mulleres na publicidade e os medios de comunicación”⁵.

Un caso diferente é o das Riot grrrl, un colectivo feminista que naceu a principios dos noventa nos Estados Unidos, vinculado á música independente e que tiña como finalidade “bombardear o centro neuráxico da falocracia do *rock*”, en palabras de Kim Gordon, baixista de Sonic Youth⁶. Un dos primeiros grupos foron as Bikini Kill, e o primeiro fanzine editouse en 1992. Un dos referentes máis coñecidos sería Kurt Cobain e o seu grupo Nirvana. A súa influencia tamén chegou ata o contexto español, aínda que en menor medida, con Pauline en la Playa, Las Vulpes ou Hello Cuca, entre outros grupos. A nivel tipográfico, é unha clara mostra do eclecticismo que se vivía en case todos os movementos sociais que seguían a consigna do “faino ti mesmo” (*do it yourself*), con propostas moi diferentes, radicais e sucias, propias do movemento *punk*.

Durante a década dos oitenta, e tamén cun uso tipográfico determinante, destaca especialmente o traballo de Barbara Kruger, neste caso xa usando letra tipográfica, normalmente a Futura Bold, coa que interpela directamente o público, que queda atrapado tanto polo grosor como polo tamaño das letras. A Futura, aínda que neste caso condensada, é tamén a tipografía utilizada polo colectivo de artistas Guerrilla Girls.

Aínda que ata agora os exemplos que expuxen son de tipografía robusta –negra, en pau seco–, tamén atopei o uso da letra caligráfica, maiormente

² Ece Canli, “Design History Interrupted. A Queer-Feminist Perspective”, en *The responsible objects*, ed. de Marjanne van Helvert (Valiz, Amsterdam, 2016), 188-197.

³ The Chicago Women's Graphics Collective. Disponível en: <http://archive.is/f3DVn>.

⁴ Os carteis están recollidos en <https://www.facebook.com/graficafeminista/> ou en OMCA Collections <http://collections.museumca.org/?q=list/taxonomy/term/34061&page=>

⁵ See Red Women's Workshop, *Feminist Posters 1974-1990*. Four Corners Books, Londres, 2016.

⁶ Disponível en: https://es.wikipedia.org/wiki/Riot_grrrl.

en Latinoamérica. Pódese dicir que está no lado oposto da anterior tipografía; é unha gráfica en minúsculas, escrita de maneira continuada. Un exemplo desta forma pódese observar no colectivo mexicano Polvo de Gallina Negra, fundado en 1983 por Maris Bustamante e Mónica Mayer; é un dos primeiros grupos de arte feminista en México, aínda en activo. Tamén as bolivianas Mujeres Creando utilizan para as súas pintadas de rúa a escritura caligráfica, que resulta próxima e amable, en contraste co contido, que adoita ser agresivo. O seu uso pode ser tamén como expresión de rexeitamento á tipografía centroeuropea. Este colectivo, que segue activo desde finais dos oitenta, publica libros e revistas como *Mujer Pública*, cunha liña gráfica moi similar, o que consegue crear unha identidade propia e recoñecida.

Outra experiencia interesante atopeina no Cairo (Exipto), onde as mulleres tiveron un papel importante nas manifestacións da contracultura, a partir da Primavera Árabe de 2011, xa que tamén a represión tivo unha maior incidencia sobre elas. Unha imaxe que se converteu en icona feminista e revolucionaria foi a dun grupo de axentes atacando unha manifestante con veo e medio espida. A partir desa imaxe, varias activistas e grafitas, como Bahia Shehab, Mira Shihadeb ou Geel el Shaikh, comezaron a pintar os muros do Cairo cun modelo en que se plasmaba un suxeitador azul e a mensaxe “longa vida a unha revolución pacífica”. Como declaran estas activistas, “a arte urbana é unha forma de zarandear a zona de confort e o ambiente relixioso”⁷. Creouse o grupo de grafitas/as Sit al-hita para darlles visibilidade e presenza ás mulleres no espazo público.

En todas estas manifestacións o que se pon en evidencia é, por un lado, a relación da gráfica rueira espontánea, sucia e rotunda cos movementos sociais en xeral e, máis concretamente, pola súa maior actividade na rúa, co movemento feminista. E, por outro lado, a homoxeneidade gráfica dentro dos colectivos como forma identitaria de recoñecelos e recoñecerse. Xa sexa co uso de maiúsculas en pau seco ou coa utilización da caligrafía continua, trátase de alcanzar o público da forma máis rápida posible e romper a dicotomía que lle outorga á masculinidade unha relación directa co espazo público, fronte ao espazo doméstico relacionado co feminino.

Esta identificación foi a que levou a Carmen Nogueira a realizar as letras bold en maiúsculas para o proxecto *Contenedor de feminismos* (Carme Nogueira, Uqui Permui e Anxela Caramés) e, de igual xeito, tamén o considerei apropiado para crear a gráfica nesta exposición que conflúe nun diálogo constante entre a arte e o activismo. Por último, quero destacar tamén a inclusión do símbolo do lambda (λ) coa finalidade de reforzar a letra e ampliar o seu significado. O lambda é, desde os anos setenta, un símbolo internacional dos movementos LGTBQI.

⁷ Noemí López Trujillo, *Graffiti, un arma contra el acoso sexual en Egipto*. *El Español*, 29 de xaneiro de 2016.

FEM
INIS
MOS

2

QUEER



Informational text block on the wall, possibly a list or schedule.

Informational text block on the wall, possibly a list or schedule.





OPINIONES DE R. V. G. L. (COORDINADORA DE COLECTIVOS GAI DE GALICIA)

Aunque desde dos fechas anteriores se relaciona en el Boletín de Guerra con un teniente contra sus superiores... que combata el servicio militar en favor de la libertad... de realizar "actividades homosexuales", manifestamos a nosotros "firmas protesta" para que consideremos una "fuerza" y sigamos haciendo... todas las acciones... no podemos ser militares en el momento, sin abandonar el título de honor de ninguna institución.

Atención: estas, vamos a continuar una carta por correo de votación de realizar un supuesto una legislación en trámite en un momento.

Indicamos por todo esto:

- A suspensión de sentencia dictada contra dos personas, y una orden de proceso de castigo preventivo.
- Anulación por causas de fuerza para cumplir condena por parte de "castigos".
- Anulación de legislación civil en personal militar por hechos de naturaleza no relacionados con el delito.
- A reconsideración, en caso, de homosexualidad como una manifestación "de conducta antisocial".

Por todo esto pedimos "Excmos. señores" que, en cumplimiento de las firmas y en el nombre de los colectivos y sus representantes, se acuerde el día 20 de mayo, en el siguiente texto:

- Suspensión de sentencia contra dos personas acusadas de prácticas homosexuales.
- Anulación para un momento.
- Una reconsideración de homosexualidad como delito.

Se firmen resoluciones tanto de suspensión de multa de 100.000, en el apartado de ordenación de fines, como de suspensión de multa de 100.000 en el caso de los artículos de castigo y de castigo de orden de defensas o castigo.

Se telegrafen expresiones de apoyo a la causa número 11/80 en favor de los colectivos.

30-X-80
buenos días
Alcaldada marisquera

El Ayuntamiento de Marisquera, en cumplimiento de sus deberes, informa a los vecinos de que...

La Asociación de Mujeres se organiza en el "Club"...

Querido amigo de siempre,

Antes que nada te felicito por el trabajo que estás haciendo en tu ciudad... y te deseo que sigas así...

Por lo que te voy a dar algunas ideas que espero que te sirvan de ayuda en tu trabajo...

1.- Consideramos a todo homosexual una persona más de Dios en la tierra, y como tal, merece el mismo respeto que cualquier otra persona...

2.- Consideramos que el servicio militar es una actividad que debe ser libremente elegida por cada persona, y no una obligación...

3.- Consideramos que el castigo preventivo es una medida que debe ser anulada...

4.- Consideramos que la suspensión de la multa de 100.000 es una medida que debe ser acordada...

Nº 130
A NUESTROS SEÑORES

Reunión de COFHEE OS GAI EN GALICIA

El pasado día 20 de mayo se celebró en Vigo la reunión de los colectivos gais de Galicia...

El COFHEE OS GAI es un colectivo que surge de la necesidad de unir a todos los colectivos gais de Galicia...

¡VIVAMOS UN MUNDO SIN GAYBOS!


MARICONES NO GAYBOS

La Coordinadora de Frentes de Liberación Homosexual del Estado español se reúne este fin de semana en Santiago

El pasado fin de semana se celebró en Santiago de Compostela la reunión de la Coordinadora de Frentes de Liberación Homosexual del Estado español...


Arquivo documental dos primeiros colectivos gais de Galicia, cortesía de Xosé Díaz
Fotografías, pasquins, manifestos, adhesivos, cartaces, dípticos informativos e recortes de prensa das accións dos primeiros colectivos gais que xurdiron en Galicia a principios dos anos 80, fundamentalmente na Coruña e

Vigo. Documentación relativa ás primeiras celebracións do Orgullo Gai (organizado en Vigo en 1981), accións antihomofóbicas, acampadas gais, xornadas de debate e ciclos de cine acerca da homosexualidade, así como exemplares dos primeiros Boletíns do Colectivo Gai de Galicia, creado en 1980.



Fotografías, pasquíns, e adhesivos de activistas lesbianas, anos oitenta

Arquivo AGM-Andaina
Cortesía de Nanina Santos Castroviejo



Arquivo Maribolheras Precárias,
cortesía de Pablo Andrade

